

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 23 DE OUTUBRO DE 2017

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e tres de outubro de dous mil dezasete, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas e trinta minutos, dando comezo ás vinte horas e trinta e cinco minutos.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna.Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez, D.Iban Torres Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo.

**Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:** D.Emilio José Sánchez Iglesias.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

**Grupo municipal de Esperta Monforte:** Dna. M<sup>a</sup> Isabel García Díaz.

**Non adscritas/o:** Dna. M<sup>a</sup> Pilar López Martínez, Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, D.Víctor López Mateo.

**Interventora acctal.:** Dna. María I. Buján Arias.

**Secretario:** D. José M<sup>a</sup> Baños Campo, que dá fe do acto.

Non asiste Dna. M<sup>a</sup> Alicia I. Cadarso Palau (non adscrita).

O Sr.Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

### 1. ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 25 DE SETEMBRO DE 2017.

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 25 de setembro de 2017.

## PARTE RESOLUTIVA

### 2. MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS PARA O EXERCICIO DE 2018.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas. En base a dito ditame e cunha modificación do incremento porcentual da taxa do lixo tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Logo de comprobar as obrigas contractuais que ten o Concello coas empresas que prestan os servizos de Recollida, Tratamento e Eliminación de Lixo , abastecemento de auga, prestación de servizos rede de

sumidoiros e depuración e utilización piscina municipal faise necesario incrementar as tarifas en concordancia ao IPC.

Respecto da Ordenanza Fiscal Xeral dos Ingresos Municipais modifícase o calendario fiscal para o exercicio 2018.

Polo que respecta ao Imposto sobre Bens Inmóbeis rectifícase a redacción do artigo 2.4 para corrixir erro na remisión do artigo correcto no que se regulan as cotas líquidas mínimas.

Así mesmo, e aos efectos de acollese a iniciativa “Doing Business Galicia”, protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia establécese os seguintes beneficios fiscais:

- a) Unha bonificación de ata o 95% na cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmóbeis a favor do inmóbeis urbanos nos que se desenvolvan actividade económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego
- b) Unha bonificación de ata o 95% na cota do Imposto sobre Actividades Económicas para aqueles suxeitos pasivos que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego

Coa mesma finalidade modifícase o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Logo de comprobar, o informe da Intervención municipal e o que dispón o artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, modificando respecto a este o incremento do apartado 1.5) do punto primeiro do acordo,

O Pleno Municipal, por seis votos a favor (Grupo Socialista) e dez abstencións (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), adopta o seguinte

## ACORDO

“**PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente as modificacións das seguintes Ordenanzas Fiscais:

### **1.1) ORDENANZA XERAL DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO**

A) Modificar artigo 13 “Calendario Fiscal” - Períodos de cobro Tributos.

*Quedando redactado do seguinte xeito:*

#### **ARTIGO -13- CALENDARIO FISCAL**

1. Con carácter xeral establécese que os períodos para pagar os tributos de carácter periódico serán os seguintes:

TRIBUTO	PERÍODO	DATAS DE PAGO	
		DENDE	ATA
a	Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	13/04/20	14/06/201
.		18	8
b	Imposto de Bens Inmóbeis	03/08/20	03/10/201
.		18	8



c	Imposto sobre Actividades Económicas	Anual	16/08/2018	17/10/2018
d	Taxa pola recollida de lixo	6º bimestre 2017	13/02/2018	18/04/2018
		1º bimestre 2018	18/04/2018	19/06/2018
		2º bimestre 2018	19/06/2018	21/08/2018
		3º bimestre 2018	21/08/2018	23/10/2018
		4º bimestre 2018	23/10/2018	26/12/2018
		5º bimestre 2018	26/12/2018	26/02/2019
e	Taxa pola prestación do servizo nas escolas deportivas municipais	2ª fracción curso 2017/2018	05/03/2018	07/05/2018
		1ª fracción curso 2018/2019	26/10/2018	28/12/2018
f	Taxa de auga rede e sumidoiros	6º bimestre 2017	02/01/2018	28/02/2018
		2º bimestre 2018	28/02/2018	30/04/2018
		2º bimestre 2018	30/04/2018	29/06/2018
		3º bimestre 2018	29/06/2018	31/08/2018
		4º bimestre 2018	31/08/2018	31/10/2018
		5º bimestre 2018	31/10/2018	31/12/2018
		6º bimestre 2018	31/12/2018	28/02/2019
g	Resto de taxas		21/09/2018	21/11/2018

2.- As variacións nos períodos de pago sinalados no punto anterior serán aprobados pola Xunta de Goberno Local.

3.- O Calendario fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

4.- Cando se modifique o período de cobro dun tributo de vencemento periódico, non será preciso notificar individualmente dita circunstancia.

B) Modificar penúltimo parágrafo do artigo 14 “Domiciliacións”. Actualización da data de cargo dos recibos do Imposto sobre Bens Inmóveis fraccionados en dous períodos (60% e 40%)

*Quedando redactado do seguinte xeito:*

#### **ARTIGO- 14 DOMICILIACIONES**

(...)

A domiciliación do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana, nos recibos de importe superior aos 100€, implicará o seu fraccionamento en dous períodos, de xeito que o primeiro cargo realizárase o día 3 de agosto de 2018 polo importe do 60% do recibo e o segundo cargo o día 4 de decembro polo importe do restante 40% do recibo

(...)

#### **1.2 ORDENANZA FISCAL 1.1 REGULADORA DE IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONOMICAS**

a) Modificar o artigo 4 “Bonificacións”. Establecemento bonificación na cota do Imposto sobre Actividades Económicas para aqueles suxeitos pasivos que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego

*Quedando redactado do seguinte xeito:*

#### **ARTIGO 4. BONIFICACIÓNS**

Ademais das bonificacións obrigatorias previstas no artigo 88.1 do R.D. Lexislativo 2 / 2004 de 5 de marzo, de acordo co artigo 88.2) letra e) do R.D. Lexislativo 2 / 2004 de 5 de marzo, polo que se aprobar o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese unha bonificación na cota do Imposto, para aqueles suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenrolen actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen dita declaración.

Esta bonificación será de aplicación unicamente naqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como naqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, que se realicen no polígono industrial de Monforte de Lemos ou na Zona do Porto Seco, sempre e cando impliquen creación de emprego, de acordo cos porcentaxes que a continuación se indican:

- 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo
- 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- 50% pola creación de ata 10 postos de traballo

A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados, das correspondentes altas da Seguridade social:

- No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea
- No réxime especial de traballadores por conta propia o autónomos, cando se trate de autoemprego

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poida xustificarse no momento da alta ou no momento da ampliación da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas xustificarse no prazo de máximo de 6 meses dende o devandito feito.

Considerarase implantación dunha nova actividade aquelas actividades que inicien o exercicio da súa actividade no Municipio.

A bonificación empezará a contarse a partires do período impositivo no que se produza a alta da actividade no IAE. No suposto de ampliación das instalacións no período impositivo seguinte. Dita bonificación aplicarase por un período de 3 anos.

Dita bonificación concederase a petición do interesado, a cal poderase efectuar en calquera momento anterior á terminación dos 3 períodos impositivos de duración da mesma, e terá efectos no seu caso, dende o período impositivo no que se solicite

Corresponderá ao Pleno da Corporación dita declaración e se acordará previa solicitude do suxeito pasivo polo voto favorable da maioría dos seus membros.

#### **1.3) ORDENANZA FISCAL 1.2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**



A) Modificar artigo 2.4 “Suxeitos Pasivos”. Corrección erro na remisión do artigo correcto no que se regulan as cotas líquidas mínimas.

*Quedando redactado do seguinte xeito:*

## **ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS**

(...)

4. A Administración emitirá os recibos e as liquidacións tributarias a nome do titular do dereito constitutivo do feito imponible.

Se, como consecuencia da información facilitada pola Dirección Xeral do Catastro, se coñecese máis dun titular, esta circunstancia non implicará a división da cota.

Non obstante, cando un ben inmovible ou dereito sobre este pertenza a dous ou máis titulares poderase solicitar a división da cota tributaria, sendo indispensable achegar os datos persoais e os domicilios do resto dos obrigados ao pagamento, así como os documentos públicos acreditativos da proporción en que cada un participa no dominio ou dereito sobre o inmovible.

Non se poderá dividir a cota naqueles supostos que, como consecuencia da devandita división resulten cotas líquidas de importe inferior aos mínimos establecidos no artigo 4 desta ordenanza.

Se algunha das cotas resulta impagadas esixirase o pagamento da débeda a calquera dos responsables solidarios. En ningún caso se pode solicitar a división da cota do tributo nos supostos do réxime económico matrimonial de sociedade legal de ganancias . Unha vez aceptada pola Administración a solicitude de división, os datos incorporaranse ao padrón do exercicio en que se acorde a división, sempre e cando a liquidación non adquirise firmeza, no caso contrario incorporaranse no padrón do imposto do exercicio inmediatamente posterior e manteranse nos sucesivos mentres non se solicite a modificación.

(...)

B) Engadir artigo 5.5 “Bonificación”. Engadir unha bonificación de ata o 95% na cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmобles a favor do inmобles urbanos nos que se desenvolvan actividade económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego

*Quedando redactado do seguinte xeito:*

## **ARTIGO 5 BONIFICACIÓNS**

(...)

5. De acordo co establecido no artigo 74.2 quáter do R.D. Lexislativo 2 / 2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, terán dereito a unha bonificación na cota íntegra do Imposto a favor dos bens inmобles nos que se desenrolen actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen dita declaración.

Esta bonificación será de aplicación unicamente naqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como naqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, no correspondente inmovible, que se realicen no polígono industrial de Monforte de Lemos

ou na Zona do Porto Seco, sempre e cando impliquen creación de emprego, de acordo cos porcentaxes que a continuación se indican:

- 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo
- 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- 50% pola creación de ata 10 postos de traballo

A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados, das correspondentes altas da Seguridade social:

- No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea
  - No réxime especial de traballadores por conta propia o autónomos, cando se trate de autoemprego
- No caso de que a creación de novos postos de traballo non poida xustificarse no momento da alta ou no momento da ampliación da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas xustificarse no prazo de máximo de 6 meses dende o devandito feito.

Dita bonificación será de aplicación nos supostos de implantación dunha nova actividade económica no período impositivo seguinte ao da implantación da nova actividade e no caso da ampliación das instalacións no período impositivo seguinte á presentación da preceptiva declaración catastral, e en ambos dous casos terá unha duración máxima de tres exercicios.

Dita bonificación concederase a petición do interesado, a cal poderase efectuar en calquera momento anterior á terminación dos 3 períodos impositivos de duración da mesma, e terá efectos no seu caso, dende o período impositivo no que se solicite

Corresponderá ao Pleno da Corporación dita declaración e se acordará previa solicitude do suxeito pasivo polo voto favorable da maioría dos seus membros

#### **1.4) ORDENANZA FISCAL 1.3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓN E OBRAS**

Modificación letras b) c) e d) do artigo 7. “Bonificacións”.

*Quedando redactado do seguinte xeito:*

a) Os porcentaxes que a continuación seguen na cota do imposto polas obras de nova implantación de actividades empresariais no polígono industrial de Monforte de Lemos, e na Zoa do Porto Seco. Considerarase obras de nova implantación aquelas que inicien o exercicio da súa actividade no Municipio.

A estes efectos, non se considerará que produciuse o inicio do exercicio da actividade dunha actividade cando esta se desenvolva anteriormente baixo outra titularidade

Para a aplicación das bonificacións previstas neste apartado será necesario que as devanditas obras se acompañen da creación de novos postos de traballo, que deberán manterse polo menos nun prazo igual a 2 anos, contados dende a finalización das construcións, instalacións e obras.

- B1) 95% Pola creación de 6 ou máis postos de traballo.
- B2) 80% Pola creación de 5 postos de traballo.
- B3) 70% Pola creación de 4 postos de traballo.
- B4) 60% Pola creación de 3 postos de traballo.



B2) 50% Pola creación de ata 2 postos de traballo.

A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados, das correspondentes altas da Seguridade social:

- No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea
  - No réxime especial de traballadores por conta propia o autónomos, cando se trate de autoemprego
- No caso de que a creación de novos postos de traballo non poda xustificarse no momento da concesión da licenza xustificarse dende o momento da alta da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas e nun prazo máximo de 6 meses

b) Os porcentaxes que a continuación seguen na cota do imposto polas obras de traslado de actividades empresariais no polígono industrial de Monforte de Lemos Considerarase obras de traslados aquelas que viñan exercéndose no municipio e que se trasladen ao Polígono Industrial de Monforte de Lemos e na Zoa do Porto Seco.

Para a aplicación das bonificacións previstas neste apartado será necesario que as devanditas obras se acompañen da creación de novos postos de traballo, que deberán manterse polo menos nun prazo igual a 2 anos, contados dende a finalización das construcións, instalacións e obras.

C1) 90% Pola creación de 3 novos postos de traballo.

C3) 70% Pola creación de 2 novos postos de traballo.

C5) 50% Pola creación de 1 novo posto de traballo.

A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados, das correspondentes altas da Seguridade social:

- No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea
  - No réxime especial de traballadores por conta propia o autónomos, cando se trate de autoemprego
- No caso de que a creación de novos postos de traballo non poda xustificarse no momento da concesión da licenza xustificarse dende o momento da modificación da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas e nun prazo máximo de 6 meses

c) Os porcentaxes que a continuación seguen na cota do imposto polas obras de ampliación ou reforma de actividades empresariais.

Entenderase por ampliación ou reforma as que alteren a configuración arquitectónica dos locais, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar ous usos característicos do edificio

Para a aplicación das bonificacións previstas neste apartado será necesario que as devanditas obras se acompañen da creación de novos postos de traballo, que deberán manterse polo menos nun prazo igual a 2 anos, contados dende a finalización das construcións, instalacións e obras.

D1) 95% Pola creación de 2 ou máis novos postos de traballo.

D2) 80% Pola creación de 1 novo posto de traballo.

A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados, das correspondentes altas da Seguridade social:

- No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea
- No réxime especial de traballadores por conta propia o autónomos, cando se trate de autoemprego

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poida xustificarse no momento da concesión da licenza xustificarse dende o momento da modificación da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas e nun prazo máximo de 6 meses

Aos efectos das bonificacións previstas nos apartados B, C e D entenderase por empresariais as actividades previstas na Sección 1ª das Tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas aprobadas polo Real Decreto Lexislativo 1175/1990, de 28 de setembro

### **1.5) ORDENANZA FISCAL 2.3 REGULADORA DO TAXA POR RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE LIXO**

Modificación artigo 6 “Cota Tributaria”. Incremento do 1,36%, similar ao do contrato do servizo: 85% do IPC (1,6%).

*Quedando redactado do seguinte xeito:*

DESCRICIÓN	Importe € / bimestre
<b>Vivendas</b>	
Zona Urbana	12,84 €
Zona Rural	6,43 €
<b>Actividades</b>	
Locais sen actividade	12,84 €
Servizos de restaurantes, cafeterías e bares e establecementos similares	
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 671, 672, 673, 674,675, 676, 677	
Ata 20 m <sup>2</sup>	29,95 €
De 21 m <sup>2</sup> a 100 m <sup>2</sup>	44,94 €
De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	59,92 €
De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	89,88 €
De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	134,81 €
Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	74,89 €
Salas de festa, salas de xogo e establecementos similares	
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 965, 969	
Ata 100 m <sup>2</sup>	46,22 €
De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	69,34 €
De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	115,56 €
De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	161,79 €
Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	92,45 €
Establecementos alimentación, supermercados, hipermercados e similares	
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 641, 642, 643, 644,645,647, 661, 662	
Ata 20 m <sup>2</sup>	35,95 €
De 21 m <sup>2</sup> a 100 m <sup>2</sup>	53,92 €
De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	71,90 €
De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	107,85 €
De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	161,78 €
Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	89,88 €
Hoteis, Moteis, Hostais, Fondas, Residencias, Pensión, Casas de Hóspedes, Aloxamentos Turísticos, Hospitais e establecementos similares	
No seu caso, equivalencia no IAE Agrupación 68, Grupos 935, 941, 951	
Sen servizo de restaurante, bar ou cafetería	
Ata 100 m <sup>2</sup>	19,78 €
De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	29,66 €





De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	49,43 €
De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	69,20 €
Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	39,54 €
Con servizo de restaurante, bar ou cafetería	
Ata 100 m <sup>2</sup>	17,97 €
De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	26,96 €
De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	44,94 €
De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	62,91 €
Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	35,95 €
Comercio ao maior de comidas ou bebidas, almacéns de materiais de construción, transportes, industrias, fábricas, talleres e establecementos similares	
No seu caso, equivalencia no IAE - Divisións, 1, 2, 3, 4, 5 - Grupos 611, 612, Epígrafe 6174 - Grupos 691, 692, 699	
Grupos 711, 712, 721, 722, 729, 751, 754, 756, 757 - Epígrafe 8436	
Ata 20 m <sup>2</sup>	23,97 €
De 21 m <sup>2</sup> a 100 m <sup>2</sup>	35,95 €
De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	47,93 €
De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	71,90 €
De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	107,85 €
Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	59,92 €
Resto de establecementos comerciais e de servizos, oficinas, edificios públicos, de ensino, asociacións, entidades bancarias e financeiras e establecementos similares	
No seu caso, equivalencia no IAE - Grupos 613, 614, 615,616, - Epígrafes 6171,6172,6173,6175,6176,6177,6178,6179	
Grupos 618, 619, 621,622, 623,631, 646, 651, 652, 653, 654, 655, 656, 657,659, 663, 664, 665 - Grupo 755 - Agrupación 76	
División 8 agás 8436 - Grupos 911, 912, 913, 921, 922, 931, 932, 933, 936, 942,943, 944, 945, 952, 961,962,963, 964, 966, 967, 968, 971, 972,973,974,975,979, 981,982, 983, 989,991,999	
Ata 20 m <sup>2</sup>	17,11 €
De 21 m <sup>2</sup> a 100 m <sup>2</sup>	25,65 €
De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	34,21 €
De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	51,32 €
De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	76,97 €
Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	42,76 €
<b>Outras actividades non tarifadas expresamente</b>	
Ata 20 m <sup>2</sup>	17,11 €
De 21 m <sup>2</sup> a 100 m <sup>2</sup>	25,65 €
De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	34,21 €
De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	51,32 €
De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	76,97 €
Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	42,76 €
Profesionais e artistas	
Sección 2ª e 3ª	
Profesionais e artistas	15,39 €

#### **1.4) ORDENANZA FISCAL 2.9 REGULADORA DO TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN**

Modificación artigo 5 "Tarifas". Incremento IPC (1,6%)

*Quedando redactado do seguinte xeito:*

#### **ARTIGO 5.- TARIFAS**

#### **TARIFA 1.- Depuración e sumidoiro**

Para aqueles abonados ó servizo de Abastecemento de auga, a tarifa a aplicar e a seguinte:

<b>DOMÉSTICOS E COMERCIAL: Consumo Bloque Único</b>	<b>0,1405 €/m<sup>3</sup></b>
<b>INDUSTRIAL / OBRAS: Consumo Bloque Único</b>	<b>0,2108 €/m<sup>3</sup></b>

A efectos da tarifa, consideraranse abonados domésticos, comerciais ou industriais, os así definidos na Ordenanza reguladora da Taxa de Auga e no Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento.

No caso de que a través de un único contador se subministre auga a varias vivendas ou locais multiplicarase a cota polo número de vivendas ou locais abastecidos.

### **TARIFA 2.- Depuración e sumidoiro**

Para aqueles abonados o servizo de saneamento, que non sexan abonados o servizo de abastecemento de auga e que vertan a rede pública de saneamento, sen contador de medida, a tarifa aplicar será:

<b>ABONADOS DOMÉSTICOS E COMERCIAIS</b>	<b>3,05 € / bimestre</b>
<b>ABONADOS INDUSTRIAIS</b>	<b>6,32 € / bimestre</b>

Consideraranse abonados domésticos e non domésticos, os que vertan augas residuais a rede pública de saneamento, segundo a clasificación do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento

Ás tarifas reseñadas engadiráselle o IVE o tipo que corresponda.

## **1.5) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO ABASTECEMENTO DE AUGA**

Modificación artigo 5 “Tarifas”. Incremento IPC (1,6%)

*Quedando redactado do seguinte xeito:*

### **ARTIGO -3- COTA TRIBUTARIA**

A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza está fixado na tarifa seguinte:

#### **A. Usos domésticos**

A.1.- Consumos entre 0 e 10 m <sup>3</sup> ó bimestre, mínimo tarifado	0 m <sup>3</sup> a 0,1756 €
A.2.- Consumos entre 11 e 25 m <sup>3</sup> ó bimestre	0 m <sup>3</sup> a 0,2810 €
A.3.- Consumos entre 26 e 50 m <sup>3</sup> ó bimestre	0 m <sup>3</sup> a 0,4917 €
A.4.- Consumos de máis de 50 m <sup>3</sup> ó bimestre	0 m <sup>3</sup> a 0,7025 €

#### **B. Usos industriais**

B.1.- Consumos entre 0 e 10 m <sup>3</sup> ó bimestre, mínimo tarifado	0 m <sup>3</sup> a 0,1405€
B.2.-Consumos entre 11 e 80 m <sup>3</sup> ó bimestre	0 m <sup>3</sup> a 0,3161 €
B.3.- Consumo entre 81 e 150 m <sup>3</sup> ó bimestre	0 m <sup>3</sup> a 0,7727 €
B.4.- Consumos entre 151 e 300 m <sup>3</sup> ó bimestre	0 m <sup>3</sup> a 1,0537 €
B.5.- Consumos de máis de 300 m <sup>3</sup> ó bimestre	0 m <sup>3</sup> a 1,6508 €

#### **C. Usos especiais**

Os consumos que efectúen os Centros de Ensinanza Oficial, Centros de Ensinanza Privada Concertados, Hospital Comarcal e industriais establecidas no Polígono do Reboredo, pagarán os metros cúbicos que consuman bimestralmente ó prezo de 0,3513 € / m<sup>3</sup>

#### **D. Cota Xeral**

Todos os aboados pagarán, con independencia do consumo, a cantidade de: 1,74 € / bimestre

Os aboados que figuren no apartado H), tarifa especial, non aboarán cota xeral.

#### **E. Aboados sen contador ou con contador avariado**

Para os aboados de usos domésticos, ó bimestre: 105,37 €



Para os aboados de usos industriais e especiais pagarán ó bimestre: 526,85 €

F. Por entronques e acometidas á rede municipal

Por cada vivenda: 21,07 €

Por cada local de negocio: 28,10 €

G. Altas no servizo

Por cada alta que se formalice, pagarase a cantidade de: 7,02 €

Por depósito, para responder de impagados, soamente para aboados que non sexan propietarios da vivenda ou local de negocio: 42,15 €

H. Tarifa especial

Contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para gozar desta exención o interesado deberá solicitala previamente, acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Sociais do Concello.

A exención quedará sen efecto cando desaparezan as circunstancias persoais que a motivaron. Pagarán, nos usos domésticos, nos consumos entre 0 e 10 m<sup>3</sup>, ó bimestre, mínimo tarifado, o m<sup>3</sup> a 0,0422 €. Considérase consumo mínimo a cota xeral para todos os aboados e consumo entre 0 e 10 metros cúbicos.

As facturacións bimestrais nos usos domésticos, industriais e tarifa especial efectuaranse aplicando ó consumo de cada tramo o importe do metro cúbico consignado para o mesmo.

## **1.6) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION DA PISCINA MUNICIPAL E DEMÁIS INSTALACIÓNS ANEXAS**

Modificación artigo 5 “Bases, cotas e tarifas”. Incremento IPC (1,6%)

*Quedando redactado do seguinte xeito:*

### **ARTIGO -5- BASES, COTAS E TARIFAS**

A cota que corresponda abonar pola prestación de cada un dos servizos aos que se refire esta ordenanza determinarase segundo cantidade fixa ou en función dos elementos ou factores que se indican nas normas de aplicación e non cadro de tarifas que se recollen a continuación:

A) MODALIDADE ABONOS

TIPO DE ABONO	€/ Mes	€ / Trimestre	€ / Semestre	€/ Ano
INDIVIDUAL	27,11	75,82	135,62	215,41
UNIDADE FAMILIAR 2 MEMBROS	31,89	87,67	159,47	247,19
UNIDADE FAMILIAR 3 MEMBROS	34,72	99,61	183,42	278,71
UNIDADE FAMILIAR 4 MEMBROS	39,80	111,62	207,32	310,91
UNIDADE FAMILIAR MÁIS DE 4 MEMBROS	43,41	123,57	231,32	341,72
3ª IDADE INDIVIDUAL	15,92	43,78	75,82	118,16
3ª IDADE UNIDADE FAMILIAR 2 MEMBROS	23,95	63,82	111,57	183,42
XOVE	22,67	59,80	103,58	175,33

**Unidade familiar:** Unidade familiar: TITULAR – CONXUGUE + FILLOS MENORES IDADE

Para a aplicación do criterios aplicables á unidade familiar será necesario a presentación do libro de familia ou ben certificado de parella de feito emitido polo rexistro competente.

**3ª Idade:** Ter máis de 65 anos

**Xove:** Ter entre 18 e 25 anos inclusive

Para poder acceder a calquera das modalidades de abono detalladas, será necesario satisfacer previamente unha **MATRICULA** de importe **19,36 €**.

B) MODALIDADE CURSOS

TIPO DE CURSO	TARIFA MENSUAL		TARIFA TRIMESTRAL	
	ABONADO	EVENTUAL	ABONADO	EVENTUAL

**NATACIÓN**

BEBÉS			35,85	71,70
INFANTIL			27,81	55,63
NENOS			26,17	52,33
INICIACIÓN A PARTIR 16 ANOS			35,85	71,70
PERFECCIONAMENTO A PARTIR 16 ANOS			35,85	71,70
NATACIÓN TERAPÉUTICA			35,85	71,70
NATACIÓN ESCOLAR / ALUMNO			19,25	19,25

**OTROS CURSOS**

AQUAGIM A PARTIR 16 ANOS	12,71	25,45
ACTIVIDADES DIRIGIDAS EN SECO	12,71	25,45

Unidade familiar: TITULAR- CONXUGUE+FILLOS MENORES IDADE

**Bebés:** entre 6 meses e 2 anos **Infantil:** entre 3 e 5 ano **Nenos:** entre 6 e 15 anos

Para acceder a tarifa “abonado” será necesario estar inscrito en calquera das modalidades do apartado “A” anterior. As tarifas establecidas neste apartado refírense a cursos de 2 días semanais de duración.

No caso de impartirse cursos superiores a 2 días á semana a tarifa a aplicar será o resultado de multiplicar a tarifa diario por os días de duración do curso

c) RESTO ACTIVIDADES

CONCEPTO	TARIFA (€)
ENTRADA ADULTO- A partir 18 anos	3,71
ENTRADA NENO-INFANTIL	2,16
BONO 10 BAÑOS	29,00
BONO 20 BAÑOS	52,26

Os bonos de 10 baños terán unha validez de 30 días dende a súa expedición. Os bonos de 20 baños terán unha validez de 45 días dende a súa expedición.

CONCEPTO	ABOADO (€)	EVENTUAL (€)
ALUGUER PISTA TENIS	1,53	3,08
CLUBES NATACION FEDERADOS	6,25 € / MES / USUARIO	

Para acceder a tarifa “abonado” será necesario estar inscrito en calquera das modalidades do apartado “A” anterior.

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público os acordos precedentes, mediante edicto, que se fixará na táboa de anuncios do Concello e se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión na provincia.



Durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte da publicación do correspondente edicto no BOP, os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as oportunas reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional considerase elevado a definitivo.

No suposto que se presentasen reclamacións, procederáse á súa resolución e á adopción dos correspondentes acordos de aprobación definitiva.

**TERCEIRO.-** Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o primeiro de xaneiro de 2018 e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.”

No debate deste asunto, tras dicir o Sr. Alcalde que a concelleira Dna. Maribel García detectou algún erro e dicir a Sra. Interventora que iso refírese a que no apartado B) da Ordenanza 1.3) do punto primeiro do acordo debe dicir “Engadir artigo 5.5” en lugar de “Modificar artigo 5.5”, o que queda corrixido, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que se refire a tres puntos de interese. O primeiro é o do calendario fiscal, é lóxico e adecuado, nada que observar ou engadir. O segundo é a modificación do IBI, do ICIO e do IAE, con base no protocolo Fegamp-Xunta de Galicia; na actualidade hai unha bonificación do 90%, agora será do 95%, de acordo para favorecer a implantación de empresas; parece excesivo o cadro do IBI no de máis de 20 traballadores, na práctica ningunha empresa se beneficiará, non chegan a iso por desgraza; propoñemos no IBI un cadro como o do ICIO, non é ir en contra do protocolo, senón melloralo. O terceiro punto é o 1,6% de incremento na recollida do lixo, na piscina e no contratado con Aqualia; sobre esta, temos o fallo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia liberando ao Concello ata o 2005, a empresa tamén reclamaba o IPC, e soubemos na Comisión Informativa da desistencia da nova demanda da empresa. Dise que haberá demanda polo IPC. Nos anos 2010 a 2012, cuns incrementos sucesivos do 9,5%, do 2% e do 3%, houbo unha actualización do 14,5%. Temos escoitado críticas, incluíndo ao actual Alcalde, que tamén foi responsable de 2003 a 2007, sobre a xestión entón do BNG. A oposición non permitiu outra subida do IPC, que non estrañe que esteamos outros agora en contra. Seguimos sen coñecer as contas de empresa do Centro de Monforte e seguimos sen coñecer as débedas da empresa co Concello.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que propón un engadido no IBI, que fixo chegar ao principio do Pleno. Le o texto presentado, que ten o seguinte contido: “**Artigo 5.6.** *Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto aqueles inmobles de natureza urbana ou rústica nos que se desenvolvan total ou exclusivamente actividades gandeiras ou agrarias pertencentes ao sector primario, ou outras actividades económicas, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración.* **Artigo 5.7.** *Terán dereito a unha bonificación ata do 50% na cota íntegra os titulares de bens inmobles nos que teñan instalado sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía provinte do sol ou enerxías renovables, condicionada a que a instalación para a produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente. Será necesaria a solicitude, polo titular do ben inmovible que solicite a bonificación, acreditando a homologación da instalación por parte da Administración competente*”. Razona e xustifica esas propostas.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que non teñen ningunha obxección ao calendario. O que se incorpora en base ao convenio da Xunta e da Fegamp, ten algunha



proposta deste Grupo en exercicios anteriores. Están ben as discriminacións positivas para fomento de empresas. Sobre o IPC, dille á interviniente polos non adscritos sobre que o PP e o PSOE non aceptaran o IPC, que foi nunha soa ocasión e foi xustificado por incumprimentos consentidos da empresa. Expressa dúbidas sobre o IPC no caso da taxa por recollida do lixo, que se reconsidere para que a subida sexa na mesma porcentaxe que a do contrato.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di sobre os beneficios baseados no acordo Fegamp-Xunta, que o que sexa favorecer, benvido sexa. Estaremos de acordo no que vaia en favor dos veciños.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que lle di á representante dos non adscritos que o IPC de Aqualia, se non o incrementamos, aumentará a débeda coa empresa, non debemos seguir incumprindo o contrato, xa que está na oferta. A min si me sorprenden que voten en contra; se o PP e o PSOE nos equivocamos, que vostede sabendo iso, tamén se equivoque...só se é unha labazada polo erro de 2012. Sobre igualar o IBI e o ICIO, trátase de cumprir co Protocolo Xunta-Fegamp e unificar a fiscalidade con outros concellos de Galicia, creo que debemos manter a unicidade de criterio. En canto á proposta de Esperta Monforte, estas cousas hai que estudalas un pouco máis, comprométome a estudalo para máis adiante. Dille á portavoz do PP que a subida do contrato de recollida do lixo é o seguinte punto.

Da Sra. Interventora, para aclarar que na taxa por recollida do lixo aplícase o IPC do 1,6%. A subida na facturación da empresa é, segundo o contrato, o 0,85 dese 1,6%.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle di ao Sr. Alcalde que non é o seu estilo ningunha labazada. Naquel momento non había sentenza, e na que hai agora tamén se viu o IPC. É non darlle isto á empresa mentres non se lle esixa á empresa. Non entendemos por que non bonificar aínda máis para axustarse á nosa realidade. A Xunta xeneraliza e cada un ten a súa idiosincrasia. Non imos ser impedimento: se votamos por puntos, teremos diferentes posicións; de non ser así, miraremos a votación final.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que non son ambiciosos no que se está a pedir. De acordo cos estudos: que se inclúa diferenciar vivendas ocupadas e desocupadas e considerar o caso das vivendas rurais sen servizos. Na medida do posible, estas cousas deberían terse en conta.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que no contrato do lixo figura o 0,85. Na taxa para os veciños, non está o 0,85 do IPC, senón o IPC completo. Debe ser igual a taxa para os veciños e o contrato. Podería ser un argumento o que se dixo sobre Aqualia, pero na sentenza non está o IPC por non constar a oferta. O Concello ten que cumprir e facerlle cumprir a Aqualia. Estamos moi en desacordo coa xestión con Aqualia, naquel momento o non ao IPC foi por incumprimento flagrante permitido polo goberno municipal. Imos favorecer esta modificación á espera do do lixo.

( D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncia á segunda quenda)

Do Sr. Alcalde, que agradece as intervencións habidas. Trátase de favorecer e seguir o acordado pola Xunta e a Fegamp. Dille a Dna. Pilar López que na rúa Corredoira estase á espera de informe, que a sentenza di non a todo, non só ao IPC, e que non dubide que lle reclamaremos á empresa.



(A votación faise previa modificación do que figuraba na proposta ditaminada no apartado 1.5 do punto primeiro do acordo, para que a subida da taxa por recollida do lixo sexa semellante á do contrato coa empresa prestadora do servizo).

### **3. REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA POLO PERÍODO QUE VAI DE SETEMBRO DE 2017 A AGOSTO DE 2018.**

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

#### **“ANTECEDENTES**

1. Contrato de xestión de servizos públicos para a Recollida de Residuos Sólidos Urbanos e Limpeza Viaria, establecendo na súa cláusula segunda que a duración do contrato comezará a contar dende a sinatura da acta de inicio da execución, a cal tivo lugar o mesmo día 8-09-2010
2. Acordo do Pleno da Corporación adoptado na súa sesión de data 29.05.2017 polo que se presta aprobación á revisión de prezos do contrato de referencia ata agosto do 2017, establecendo como prezo mensual o de 143.063,20 €.
3. Solicitud presentada pola mercantil FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A., adxudicataria do servizo de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos e Limpeza Viaria deste Concello, de data 27.09.2017 (NRE 13475/2017), incluíndo proposta de revisión para o período 09/2017 a 08/2018.

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

- I. A cláusula 25ª do prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación, que precisa que: *“Co fin de asegurar o equilibrio económico da concesión, procederase á actualización do canon anual, conforme ó sinalado nos arts. 77 e seguintes da LCSP. Unha vez finalizado o prazo dun ano e de conformidade co art. 77 da LCSP, poderá producirse a revisión de prezos do presente contrato, aplicándose como índice de revisión as alteracións ata o 85% da variación do IPC que sufra durante a vixencia do contrato tomando como dato de referencia o IPC publicado polo INE no mes da sinatura do contrato conforme ás regras de cálculo establecidas no art. 78.3 da LCSP...”*.
- II. A D.T.1ª do RD 3/2011, que dispón:
  1. *Os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei rexeranse pola normativa anterior. A estes efectos entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedementos negociados, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos.*
  2. *Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.”*
- III. O artigo 78.3 LCSP, aplicable ó presente caso, dispón que cando o índice de referencia que se adopte sexa o Índice de Prezos ao Consumo elaborado polo Instituto Nacional de Estatística ou calquera dos índices dos grupos, subgrupos, clases ou subclases que nel se integran, a revisión non poderá superar o 85% de variación experimentada polo índice adoptado



- IV. O órgano competente para resolver sobre a revisión de prezos é o Pleno en virtude da Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Por todo o anterior, previa fiscalización de intervención e ditame da Comisión Informativa correspondente,

O Pleno da Corporación, por once votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

#### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar a revisión de prezos do contrato de xestión do servizo público de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos e Limpeza Viaria solicitada por FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A, polo período que vai dende Setembro de 2017 a Agosto de 2018 nos seguintes termos:

Fórmula de revisión:  $P_n = P_{n-1} \times [1 + (\text{IPC} \times 0,85)]$ . E dicir: O novo prezo no período para o que se propón a revisión será o resultado de multiplicar o prezo vixente no ano inmediato anterior, pola variación interanual do IPC expresada en porcentaxe calculada a partir do mes do ano anterior correspondente á sinatura do contrato.

Facendo as oportunas substitucións teríamos:  $P_{\text{sep17-Ago18}} = P_{\text{sep16-Ago17}} \times [1 + (0,016 \times 0,85)] = 143.063,20 \times (1+0,0136)$ . Do que resulta un total de:  $P_{\text{sep17-Ago18}} = 145.008,86$ .

Polo tanto o prezo a aplicar a partires da factura correspondente o mes de setembro de 2017 será de 145.008,86 € (IVE 10% engadido).

**SEGUNDO.** Notificar o acordo anterior a FCC,S.A; a Intervención Xeral e a Tesouraría Municipal, aos efectos oportunos.”

(Non houbo intervencións neste asunto).

#### **4. MOCIÓN DE CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O SOBRE A CESIÓN DA MURALLA POR PARTE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS Á XUNTA DE GALICIA.**

(No debate conxunto deste asunto e do do punto 7 da orde do día, auséntase e reincorpórase D. Iban Torres Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos do mes de setembro. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto 7 da orde do día, acórdase o seguinte:

“Como todos sabemos, Monforte de Lemos conta cunha muralla que segundo o *Plan de Actuaciones para la recuperación del recinto amurallado* feito no ano 2008 polo arquitecto José María Alonso Montero a encargo da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e facendo un pouco de historia, tomando como base unha nota tomada do *Compendio de los Estados de Lemos, Andrade, Villalva y marquesado de Sarria* de 1630 no que se recolle unha descrición de Monforte e as súas murallas, dise que nesa altura a muralla se atopaba en bo



estado, e que en século e medio foi reparada en tres ocasións: despois do asalto irmandiño en 1468, por mandato de Beatriz de Castro en 1527 e por iniciativa do VII conde en 1619.

Posteriormente, a comezos do século XVIII a muralla viña sufrindo un implacable desmantelamento, amparado en ocasións polos propios condes. En 1747 grazas a unha carta de Dona Rosa María de Castro, XII Condessa de Lemos, sabemos que en vida de don Xínés déuselle permiso aos monxes para usar pedra da muralla para as obras do mosteiro de San Vicente, así a nosa muralla pasou de servir de defensa e constituír un símbolo do poder condal a usarse como canteira, destino que padeceu durante varios séculos. Di Alonso Montero que se hoxe podemos gozar dunha gran parte da muralla se debe a que, grazas á súa magnitude non chegou a ser totalmente desmantelada e ao descenso na demanda de pedra que se produciu nesa zona tras o abandono da poboación que a habitaba e que foi vivir á zona baixa. En 1799 os sucesores dos Condes de Lemos permítenlle a Don Francisco Monseo o derribo parcial dun cubo e unha parte da muralla, que tiña como aforo unha casa na rúa Falagueira e que se coñecía como a casa dos Correxidores. Xa no século XIX a nosa muralla foi sometida a unha forte destrución, aínda que tamén é certo que outras correron peor sorte.

Continúa dicindo o Sr. Alonso Montero nesta extraordinaria clase de historia e fantástico *Plan de Actuacións para a recuperación do recinto amurallado de Monforte*, que o estado de abandono do que foi o burgo medieval foi agravado nas últimas décadas xa que a maior parte do seu trazado se atopa hoxe en día rodeada de terreos privados que foron dedicados ao cultivo ata a década de 1960 e que hoxe (2008) presentan un estado lamentable, invadidos pola maleza e pechados por muros. Estas fincas son case ou totalmente inaccesibles, polo que unha gran parte da muralla é unha perfecta descoñecida para a inmensa maioría dos monfortinos. É urxente que todas esas zonas pasen a ser do dominio público.

Feito este breve repaso histórico do noso recinto amurallado, cómpre ir á actualidade.

No pleno municipal celebrado o pasado 31 de xullo onde se debateu unha iniciativa do Partido Socialista sobre medidas a tomar relativas á conservación e mesmo mellora da muralla de Monforte de Lemos, púxose de manifesto, e non por primeira vez, a discrepancia sobre a titularidade deste ben que constitúe unha das pezas máis significativas do patrimonio histórico artístico da nosa cidade.

Estas discrepancias veñen constituíndo un obstáculo e un impedimento para levar a cabo unha conservación integral como se merece este recinto amurallado.

Tal como se pode apreciar no Tomo 2 “Fichas de Actuacións” do devandito Plan moitas das parcelas afectadas son de propiedade de particulares, algunhas da Xunta de Galicia, outras do concello de Monforte de Lemos e mesmo existen outras de titularidade descoñecida.

Cada vez que se lle ten demandado nos últimos tempos á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Patrimonio, algunha actuación, este concello sempre recibe a mesma resposta: que non é titular deste ben, contrariamente á iniciativa que tivo a Xunta de Galicia no ano 2008 redactando un plan director específico de actuacións sobre este recinto e mesmo a reconstrución de parte da mesma. Creo que todos concordamos en que non sería suficiente a actuación exclusiva do Concello de Monforte pola magnitude e mesmo pola singularidade de tales actuacións.

Por este motivo, como xa anunciamos na sesión plenaria de xullo, e para pór fin a esta controversia que imposibilita un plan de actuacións para recuperar, dunha vez por todas, esta excepcional construción patrimonial e que merece un tratamento integral,



O Pleno da Corporación, por once votos a favor (Concelleiras/o non adscritas/o e Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

### ACORDO

Instar o equipo de goberno a iniciar un expediente de cesión por parte do concello de Monforte do recinto amurallado á Xunta de Galicia para que esta, unha vez que sexa titular do dominio, leve a cabo as actuacións necesarias seguindo o *Plan de actuacións para a recuperación do recinto amurallado de Monforte de Lemos* feito polo arquitecto Don José María Alonso Montero a instancias da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia no ano 2008.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que desculpa, por motivos persoais, a inasistencia á sesión de Dna. Alicia Cadarso e le a moción das/do non adscritas/o.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que xa se ten tratado este asunto. Dende o Plan Director de 2008, nada se fixo. Sobre a proposta das/do non adscritas/o, sería descapitalizar o patrimonio dos monfortinos. Debemos contar con financiamento, pero non ceder a muralla. O noso proxecto é distinto: elaborar proxectos e mirar de levalos a cabo. O aspecto turístico é importante no referente á muralla. Se se vai á cesión, aparecerán as dúbidas; que se conserve a titularidade.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que é un tema xa moi falado. O único que quere Esperta Monforte é que se arranxe e rehabilite a muralla. Iso excede as posibilidades do Concello. Tampouco nos gusta perder a titularidade, pero en Lugo ninguén di que a muralla é de Santiago, por ser da Xunta. Non podemos seguir mes tras mes sobre que é do Concello e non o arranxa a Xunta e ao revés. Ou facemos algo ou deixamos de vir facer o pallaso.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di estar na liña de Esperta Monforte. Sen prexuízo do dos particulares, o Concello poderá ceder o que sexa público. O que se precisa é vontade política de arranxar a muralla. Podemos seguir efectivamente dándolle voltas á cousa, pero iso non o soluciona.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que espera que algún día acabe o debate e se empece coa muralla. O dos non adscritos parécenos positivo e imos apoialo. Para nós, a muralla é da Xunta. No DOG do 16 de maio de 2016, figura a Lei do patrimonio cultural de Galicia que no artigo 2.1 di que a Xunta ten a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galicia e no artigo 23 que os bens declarados de interese cultural inscribíranse no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, cuxa xestión correspóndelle á consellería competente en materia de patrimonio cultural. A muralla está rexistrada co número RI 510008911, data do 17 de outubro de 1994. No BOE do 5 de maio de 1994 está o Decreto do 22 de abril dese ano sobre o carácter de BIC da muralla. Estes bens forman parte dos que son da Xunta. En relación coa moción do PP, temos que lamentar a política de modificar a realidade. O primeiro é que a limpeza da muralla foi feita pola Xunta en 2006, agora non o fai e vostede non llo pide. En segundo lugar, é falso que no PEPCHA figure que a muralla é do Concello, límitase a recoller as parcelas lindeiras coa muralla, pero a linde non é muralla. Se hai linde por dentro e por fóra, de quen sería a muralla? O goberno do Estado tamén sería dono dunha parte



importante da muralla a través do Parador, que linda con ela, e mesmo ten parte, como a torre pequena. A titular é a Xunta e é quen ten que arranxalo. O bipartito preocupouse, en 2008 fixo un proxecto. De 2009 a 2017 foron anos perdidos, o goberno de Feijoo nada fixo, e o proxecto de 2008 era para a Xunta. Como dixo Dna. Maribel García, en Lugo ninguén di que a muralla non sexa de Lugo, aínda que non sexa municipal.

De Dna. Pilar López Martínez, que agradece os apoios á súa moción. Que sexa a muralla da Xunta, non quita aos monfortinos sentirmos propietarios. Se é tan claro que é da Xunta, segundo di o Alcalde, xa está. No que coincidimos é que a obra é urxente e necesaria. Que teña que afrontala o Concello, non é posible. É unha das xoias do noso patrimonio histórico-artístico. O PP, coa súa moción, pon a prioridade en defender aos seus xefes da Xunta de Galicia, e despois a Monforte, como no hospital. É un brindado ao sol a proposta da moción do PP. Segundo a Voz de Galicia, os orzamentos para o Porto Seco serán sobre todo en 2019 e 2020, son os anos das eleccións locais e autonómicas.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di á anterior interveniente, que se tanto lles interesaba a muralla, por que a tiveron abandonada. O único que se fixo, foi o do cubo e fíxoo a Xunta. Brinde ao sol os proxectos graduais? Todo de golpe si que non. Nós os intereses dos xefes? E vostedes, con tódolos gastos en avogados e demais, que intereses tiñan? Pregúntalle ao Sr. Alcalde se se pediu o 1% cultural ou se pediu algo. Dille á portavoz de Esperta Monforte, que escoitan moito sen chamalo pallasadas, como ir limpar con tesoiras. Dicir que por ser BIC é da Xunta, é impropio, porque os Escolapios son BIC, non todo o BIC é da Xunta.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que non chamaba pallaso a ninguén. Imos ser construtivos. Se vostede -portavoz do PP- nos trae investimento, está ben a titularidade do Concello. Non teño problema en colaborar persoalmente na limpeza. Ensino Monforte á xente e teño vergonza de facelo coa muralla. Fale con Feijoo, co conselleiro de Monforte, que poñan algo no orzamento, e non haberá inconveniente en que siga sendo do Concello. Pero deixemos de pasar a pelota entre o Concello e a Xunta. Estar satisfeitos co investimento previsto para Monforte é a Comarca de Lemos é ridículo. Ter que saír a defendelo, a min daríame vergoña.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di cal é o sentido do voto en cada unha das mocións. Se a cesión da muralla facilita a acción nela, a favor. Que a Xunta a dote de orzamentos e se responsabilice como responsable dos BICs de Galicia.

Do Sr. Alcalde, que di que moita xente di que non recorda ver así como agora a muralla. Dille á portavoz do PP se tamén cre que hai parte do Estado na muralla. A Xunta fixo o documento de 2008 para a propia Xunta, foi encargado pola conselleira Ánxela Bugallo. A Monforte teno abandonado o Sr. Feijoo. Nin sequera respondeu a escrito enviado o 4 de xullo á Consellería de Educación sobre algunha acción. Dille a Dna. Pilar López que se debe poñer ceder a parte que sexa do Concello. O orzamento de 2018 é unha ofensa para os monfortinos. 150.000 euros para o Porto Seco que nada vai ser. Non hai cousa nova ningunha. Dille á portavoz do PP que é mellor que non diga nada a que diga que é boa cousa a que é malísima.

De Dna. Pilar López Martínez, que agradece os apoios e dille a Dna. Julia Rodríguez que o cubo da muralla reparouno a Xunta, outra cousa distinta é a póliza do seguro para a casa afectada. As necesidades exceden a capacidade do orzamento municipal. Claro que é ceder o que é propio.



De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que hai que diferenciar nun BIC entre a competencia de supervisión e de quen sexa a propiedade. As Clarisas e os Escolapios son BIC e non deixan por iso de ter a titularidade. Dille ao Sr. Alcalde que o que ten que facer é actuar el. A carta á Consellería é de xullo de 2017 e é Alcalde dende dous anos antes. Se tan preocupado está, ten aí nunha conta un millón de euros. Dille a Dna. Pilar López que é diferente recuperar o cubo e atender danos, isto pagouno a compañía do Concello. Vaiamos pedir axudas. Ímonos abster na proposta dos non adscritos, pero hai que seguir adiante. Sobre os orzamentos, o primeiro é lelos, xa verán como se incrementa o financiamento municipal.

(Na moción das/do non adscritas/o, o acordo hai que entendela en que é cesión do que sexa propio do Concello).

## **5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A DEFENSA DOS INTERESES DO CONCELLO FRONTE Á CONCESIONARIA AQUALIA.**

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Gloria Prada Rodríguez e Dna. Pilar Espinosa Novelle).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos do mes de setembro. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1.- No pleno de xullo de 2017, se debateu unha moción do Grupo Municipal do PP, que non contou co apoio do equipo de goberno, sobre os múltiples incumprimentos da empresa Aqualia, e a necesidade de cuantificar os prexuízos económicos que tales incumprimentos lle teñen ocasionado ao Concello de Monforte, iniciando un expediente para a súa determinación. Naquela moción, se detallaban os múltiples incumprimentos en que ten incurrido a empresa, dando por reproducidas moitas outras mocións onde se solicitaba igualmente a cuantificación de tales prexuízos por todos os conceptos, a fin de formularlle reclamación á concesionaria.

Son moitas as ocasións en que este grupo ten proposto cuantificar as cantidades que estaríamos en disposición de reclamarlle a Aqualia, e formularlle reclamación por elas. Os múltiples acordos plenarios acadados nese sentido teñen sido infrutuosos.

2.- Recentemente, o Alcalde trouxo ao Pleno da Corporación unha proposta de acordo coa concesionaria Aqualia, na que prantexaba compensar o que o Concello supostamente lle debería a empresa por non actualizar tarifas (*que este equipo de goberno cifrou en 1.713.222 €*) coas cantidades que a empresa lle adeuda ao Concello polas inversións pendientes de executar (*que este equipo de goberno indebidamente cuantificou en 1.671.671 €*).

Ademais de compensar ambas cantidades, se ofrecía como mérito deste acordo que a empresa desistiría dos dous contenciosos que tiña en marcha, comprometéndose o Concello a poñer ao día as tarifas repartindo o incremento aos veciños, en catro anos.



Este grupo municipal amosouse contrario a esta proposta, por entender que era prexudicial para os intereses do Concello que non se estaban defendendo axeitadamente. Aquela proposta do Alcalde de “borrón e conta nova” ou “mellor un mal acordo que un bo pleito” non nos parecía axeitada.

Vimos de saber que se ten dictado sentenza polo TSXG no primeiro recurso contencioso prantexado por Aqualia, no que se reclamaban 1'5 millóns de euros, de desequilibrio económico por distintos conceptos.

Ademais de amosar satisfacción por tal resultado, esta resolución o que reflicte é que o prego de clausulas administrativas estaba ben formulado e por tanto os distintos argumentos da empresa para xustificar o desequilibrio foron sendo rexeitados pola sala, un a un, deixando claro que o contrato fora realizado a risco e ventura da empresa contratista, que ten que asumir os riscos propios do contrato, y por tal motivo non poden ser custes imprevisibles ou extraordinarios que leven a considerar a existencia de desequilibrio económico.

Esta é a liña que, dende fai anos ven defendendo este grupo municipal, no sentido de que moitas das obras e custes que Aqualia lle reclama ao Concello, estaban no marco do contrato e por tanto das suas obrigas.

O varapao sufrido pola empresa Aqualia con esta sentenza obriga ao Alcalde a reconsiderar a sua postura que iba na liña de cargarse de informes que favorecían á empresa, en lugar de calcular verdadeiramente as cantidades que estaríamos en disposición de reclamarlle.

Este informe económico e xurídico que obrigaría a facer análise das obrigas da empresa, no marco da sua oferta e do prego de condicións, que lle foi solicitado en varias ocasións, sen éxito e que o Alcalde sempre rexeitou, é imprescindible para cuantificar os incumprimentos da empresa, e para reformular calquera posible acordo.

Esta sentenza evidencia que o acordo que o Alcalde pretendía acadar coa empresa era prexudicial para os intereses do Concello e pola contra, que é preciso analizar os cumprimentos ou incumprimentos da concesionaria, e os seus efectos económicos, como ven de facer a sentenza da que estamos a falar.

Por tal motivo, e por enésima vez, lle reiteramos ao Alcalde e ao equipo de goberno que actuen definitivamente en defensa dos intereses do Concello e non de Aqualia e que procedan a analizar os cumprimentos ou incumprimentos da concesionaria, e os seus efectos económicos, como ven de facer a sentenza da que estamos a falar, a fin de formularlle reclamación a concesionaria, ou alcanzar un acordo coa mesma en termos xustos e axeitados para o Concello.

Por todo o anterior, o Pleno da Corporación, por dez votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

## ACORDO

### INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO:

1.- A ACTUAR DEFINITIVAMENTE EN DEFENSA DOS INTERESES DO CONCELLO E NON DE AQUALIA, PROCEDENDO A ANALIZAR DE FORMA EFECTIVA OS CUMPRIMENTOS E INCUMPRIMENTOS DA CONCESIONARIA, E OS SEUS EFECTOS



ECONÓMICOS, TAL COMO VEN DE ANALIZAR A SENTENCIA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, A FIN DE FORMULARLLE RECLAMACIÓN Á CONCESIONARIA, DAS CANTIDADES RESULTANTES OU ALCANZAR UN ACORDO COA MESMA EN TERMOS XUSTOS E AXEITADOS PARA O CONCELLO.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di sobre os orzamentos que os recursos son os que son, xa lle gustaría que fosen ilimitados. Hai que mirar como defenderon os intereses municipais os que tiveron responsabilidades no Concello. Imos ver como xestionou Aqualia o BNG e agora o Partido Socialista. O contrato non debía ser tan malo, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestimou a demanda da empresa, que xa desistiu na segunda demanda. Esta moción vai de defender os intereses do Concello fronte á concesionaria. Le o acordo ao que se insta na moción. Aquí trouxose un acordo que se dicía que era bo, pero un bo preito foi mellor que un mal acordo. Miren os orzamentos e como repercuten en favor dos veciños; Dna. M<sup>a</sup> José Vega anunciara a ponte da Aceña Nova, había que recalificar e cando se fixo, desaparecera a partida. Levamos moitos Plenos, xa se me dixo que deixara a teima. O que se non acaba de facer é o que o Concello debe reclamar a Aqualia. Non me volva a falar de defender os intereses municipais, empece vostede –Alcalde- por facelo neste tema.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que lle di á anterior interveniente que conte co seu voto a favor. Pero non distorsione a realidade, os avogados da Coruña, criticados, son os que defenderon os intereses do Concello. Na sentenza, hai un non a tódolos puntos: lodos, Sindrán, etc. Xa dixemos cando aquel mal acordo que era mellor que un bo preito, non era verdade e agora ademais retírase a empresa do segundo preito. As contas reais da empresa en Monforte seguimos sen telas. Con esta sentenza máis a retirada do segundo preito, queda moito por mirar. A reclamación desta sentenza é do goberno anterior, no Xulgado de Lugo pasou de un millón e medio a 336.000 euros e o TXSG dá cero patatero. E co anterior equipo de goberno hai un segundo contencioso, do que se retira a empresa, por dous millóns e pico de euros de 2006 a 2013. Temos que saber exactamente contías e contas.

Do Sr. Alcalde, que lle di á anterior interveniente que o que non conseguiu en doce anos, non o quererá agora en dous anos. A reclamación é da empresa. Vostede sabe o que resultaría do segundo preito? Xa a meteremos en cintura á empresa.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que o Alcalde debe recoñecer que se equivocou coa proposta de acordo. Dáselle a razón aos de que non estaba ben o comido polo servido. Imos votar a favor desta moción. Hai perdas irrecuperables do 2001 ao 2003. Como no tema da muralla, hai que mirar para o futuro. Debémonos alegrar de non ter aceptado a proposta. Equivocouse na proposta que trouxo.

Do Sr. Alcalde, que di que a proposta procedía de informes que el asume. Era unha proposta sobre o IPC e sobre obras recoñecidas polo goberno anterior.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que se precisa consenso e firmeza neste asunto. Hai novas, boas para o Concello: a sentenza e a retirada do segundo contencioso. Parece que a empresa intentará outra vía. Apoiar a moción cae de caixón, a favor dos intereses do Concello. Deberíamos tratalo como un tema de estado. A empresa sae favorecida se isto é un arma



arroxadiza. Que se cumpra debidamente o contrato; se a empresa non cumpre, chegar á resolución do contrato.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di ao PP que é un disco rallado co de Aqualia. A única retahíla aquí é vostede –portavoz do PP-. Houbo problema co contrato en 2001. Non se cumpriu en 2001-2003. É un problema herdado e queren sacarlle rédito político. A moción como declaración de intencións está ben. Se alguén tratou de arranxalo, foi este equipo de goberno, con informes municipais e externos. É unha boa noticia xudicial a sentenza e tamén é boa noticia a retirada do segundo contencioso. Xa veremos como acaba todo isto. De 2010 a 2012 houbo subidas polo IPC. O perito xudicial criticou ao Concello, pero aínda así saíu ben. A alegría será relativa cando vexamos a factura dos avogados. Meter en cintura á empresa, e vostedes en doce anos de goberno? Si que queda moito por investigar do que pasou aquí con Aqualia.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao anterior interveniente que estaba en reunións do acordo. Non intuíu nada sobre o resultado do preito? O PP leva tempo soportando o da retahíla e o do disco rallado. Se non se defenden os intereses de Monforte, esta Corporación debe dicilo alto e claro. A empresa presentou dous contenciosos. Que se lle ten reclamado á empresa? Cero. Dille a Dna. Pilar López que non cuestiona a acción dos avogados, senón a forma de contratalos e as contías excesivas dos servizos.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que é verdade que a reclamación é de Aqualia. Nós o que fixemos foi recorrela. Primeiro houbo a rebaixa a 336.000 euros e despois o Tribunal Superior deixouno en cero euros. Os do equipo de goberno anterior estamos orgullosos de ter recorrido. A empresa retírase porque sabe que vai perder. Cometemos erros como todos, pero agora están vostedes para solucionar. A frase de meter en cintura é do Alcalde, eu só a recordo. Efectivamente subiuse polo IPC un 9,5% en 2010, un 2% en 2011 e un 3% en 2012.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que a frase o comido polo servido é dela, é o significado popular da proposta que se trouxo. Hai que mirar que o que hai que reclamar inclúa a rúa Corredoira. Non pasa nada, Alcalde, porque diga públicamente “equivoqueime”. (O Sr. Alcalde di que era un bo acordo).

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que reitera o posicionamento do Grupo e di que non era o mellor acordo posible.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que non descalifica e pide desculpas anticipadas noutro caso. Un litixio non sempre é predicible. Hai anos de xestión que nos é allea. A demanda ao Concello hai que contestala, non ten especial mérito.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que os informes solicitados foron dirixidos. Nunca foron para determinar os incumprimentos da empresa e as cantidades reclamables. O acordo non foi un erro, foi formulado con convicción. Quedou á vista que non era un bo acordo. Favorecía claramente á empresa. O papel do Alcalde era defender os intereses do Concello. Falta informe sobre canto reclamar e reclamálo. (O Sr. Alcalde di que nunca estiveron mellor defendidos os intereses do Concello).

## **6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE SUBSTITUCIÓN E RETIRADA DE POSTES DE ENERXÍA ELÉCTRICA.**

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. Pilar López Martínez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1º.- O pasado mes de setembro, este grupo municipal elevou ao pleno da Corporación unha proposta de elaboración dunha ordeanza de instalacións eléctricas municipais dirixida a regular e normalizar o deseño, a execución e a inspección das instalacións de alumado público no noso término municipal, en orden a unificar criterios, homoxeneizar o alumado da cidade e lograr unha calidade aceptable do mesmo.

Poñíamos unha serie de exemplos, que acreditaban a necesidade de ter unhas pautas de actuación no que atinxe a mellorar o estado e funcionamento das instalacións eléctricas municipais.

A iniciativa foi rexeitada polo equipo de goberno.

2º.- Non é a primeira vez que este grupo trae a pleno propostas relacionadas co alumado público ou co estado das instalacións eléctricas. Temos advertido da existencia de postes de madeira que teñen perdido a verticalidade e ameazan con caer, de cableados colgando, de cuadros eléctricos accesibles para a poboación...de conexións provisionais irregulares e que non cumpren coa normativa.

Nada se ten feito para corrixir estas situación.

3º.- Este grupo municipal, ten recibido recentemente queixas de veciños, relacionadas coa existencia de postes dobres, que teñen sido renovados pola empresa titular dos mesmos, debido ao seu mal estado, pero que a partires de ahí, o Concello nada ten feito, nin para trasladar as conexións do alumado público, nin para que a empresa retire os postes en mal estado.

Este grupo ten comprobado o risco que representan estes postes para a poboación que frecuenta as súas proximidades.

Este, e outros exemplos dados, revelan a necesidade de establecer pautas de actuación en orden a mellorar as instalacións eléctricas municipais

Por todo o exposto, o Pleno da Corporación, por dez votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

#### ACORDO

##### INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO:

1.-A que polo técnico municipal responsable do servizo eléctrico, se leven a cabo as xestións necesarias para que sexan substituídos e retirados os postes de enerxía eléctrica que se atopen en mal estado no término municipal de Monforte, e para que sexan retirados aqueles que, tendo sido substituídos pola empresa suministradora, non teñen sido retirados do lugar por non ter efectuado o Concello as actuacións necesarias para elo.”



No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que está ligado co do Pleno anterior, que foi rexeitado, sobre unha ordenanza para o alumado público. Traemos unha actuación por separado. Hai queixas dos veciños. Isto ten que ver co mal estado dos postes. Queremos que se fagan estas actuacións. Esperamos o apoio dos outros Grupos.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que lle di sobre o tema anterior ao Sr. Alcalde, que considera que aquel acordo era bo, que lle sigue preocupando que diga iso. Resulta curioso e hai que preguntar por que razón non informou á cidadanía da sentenza e da retirada da segunda reclamación. Sobre esta moción, concordamos co que di. Na miña parroquia pasa iso. Anunciamos o noso voto a favor. (O Sr. Alcalde di que non se pagaba ningún euro, era bo o acordo. Eu non filtro cousas, para iso xa está vostede. Eu dígoas cando son firmes).

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di estar de acordo co que figura na moción. A sentenza non era firma e por iso non se enviou; a cidadanía agradece que cando un se equivoca, o recoñeza.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que apoian esta moción.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que explicaron xa na anterior sesión o traballo que realizaron nisto. Agora hai unha especie de sucedáneo do outro Pleno. Sobre os postes, xa vimos traballando niso, non imos apoiar o que xa facemos. Tomamos nota, nestes dous anos non temos deixado postes. Os responsables municipais do servizo e a Técnica están actuando.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao anterior inteveniente que están instalados na autocomplacencia. Trouxemos iniciativas para ordenanzas, non é algo gratuito, a do Parque dos Condes para evitar o que está pasando. A do servizo eléctrico para mellorar o funcionamento do alumado público. Non nos diga que xa o veñen facendo, os postes están aí, aínda os hai de madeira. Seguiremos traendo o que detectemos e nos digan os veciños, aínda que vostedes pensan que non é necesario.

(Dna. Pilar López Martínez, Dna. Maribel García Díaz e D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncian á segunda quenda).

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que está no seu dereito de traer. E nós no de dicir e non é autocomplacencia. Non todo está mal.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que non dixo que todo estea mal. Pero a nosa obriga é dicir o que non está ben. O que fan ben non o criticamos, pero no que non está ben aprendan a encaixar.

## **7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A MURALLA DE MONFORTE.**

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto 4 da orde do día, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

**PRIMEIRO.-** A muralla de Monforte, é o conxunto fortificado, mais importante de Galicia dos séculos XIV e XV. Despois de moitas iniciativas deste grupo municipal, demandando a limpeza dos solares no entorno do recinto amurallado, e a eliminación das herbas invasivas da propia muralla, vense de acometer o solicitado, por parte do equipo de goberno, a pesar de ter votado reiteradamente en contra das nosas demandas.

**SEGUNDO.-** A muralla é un dos monumentos emblemáticos da nosa cidade, e a pesar diso atópase nun estado de total abandono. Non é a primeira vez que o equipo de goberno pretende que sexa a administración autonómica a que acometa a súa recuperación. Mesmo lle ten atribuído a titularidade, negando a titularidade municipal, que se recolle no PEPCHA e nos informes elaborados polo Concello, e a realidade de múltiples titularidades privadas.

**TERCERO.-** Nese afán de derivar as responsabilidades á administración autonómica, nada se fai por recuperar un monumento que precisa dunha actuación tan urxente como ambiciosa.

**CUARTO.-** O Concello dispón dende 2008 dun “PLAN DE ACTUACIONES PARA RECUPERACIÓN DEL RECINTO AMURALLADO DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO)”, redactado -con data 29/02/2008- polo arquitecto José María Alonso Montero, sobre o estado da muralla naquel momento.

Non podemos mais que lamentar que se tiveran perdido estes 8 anos dende que se dispón deste plan sin que se levara a cabo unha soa xestión ou actuación dirixida a mellorar o estado de conservación da muralla.

Incluso parece que determinadas actuacións levadas a cabo no seu entorno non contemplaron o recollido neste plan, a pesares de executarse con posterioridade á súa redacción.

**QUINTO.** A muralla presenta un problema engadido para abordar calquera actuación sobre a mesma. A necesidade de determinar a súa situación xurídica, toda vez que hai tramos nos que se sustentan vivendas e hortas de carácter privado, outros que se ubican no entorno dos terreos cedidos a Paradores, outros que se ubican sobre vías públicas municipais.....

Por ese motivo, este grupo municipal do Partido Popular, trouxo a este pleno en 2016, unha iniciativa para que se efectuase “un estudo sobre a situación xurídica da muralla, que permita determinar a quen corresponde a súa titularidade, o longo do seu trazado, a fin de fixar o ámbito competencial da súa conservación e mantemento, como paso previo, a execución das actuacións que precise”. O equipo de goberno votou en contra.

O estado da muralla obriga a tomar medidas de cara á súa recuperación, e non seguir perdendo tempo en derivarlle a responsabilidade a quen non ostenta a titularidade algunha sobre a mesma. Polo exposto, este Grupo Municipal eleva o Pleno da Corporación a seguinte proposta:

#### INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO A:

1.- Elaborar proxectos graduais de rehabilitación e recuperación da Muralla medieval de Monforte, seguindo as indicacións do Plan de Actuacións elaborado no ano 2008 pola Xunta de Galicia, a conformidade da Dirección Xeral de Patrimonio, e coa colaboración do equipo redactor do PEPCHA,



recabando as axudas e colaboración financeira necesaria das distintas administracións, para a súa realización.

2.- A acometer a execución dos proxectos resultantes de recuperación da muralla medieval, por fases, recabando a tal fin as axudas e colaboración financeira necesaria das distintas administracións, para a súa realización.”

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por cinco votos a favor (Grupo do PP), dez votos en contra (Grupos Socialista e do BNG e concelleiras/o non adscritas/o) e unha abstención (Grupo de Esperta Monforte), adopta o seguinte

#### ACORDO

Non aprobar a moción do Grupo municipal do PP sobre a muralla de Monforte.

### **8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA APOIAR E RESPALDAR ÁS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO COMO GARANTES DO ESTADO DE DEREITO.**

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. Gloria Prada Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Desde el pasado día 20 de septiembre, fecha en la que se ordenó por parte del Juzgado de Instrucción nº 13 de Barcelona la práctica de diligencias de entrada y registro en distintas consejerías y organismos técnicos de la Generalitat de Cataluña, y hasta el domingo 1 de octubre, día en que se trató de celebrar el referéndum ilegal prohibido por el Tribunal Constitucional, las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado han sido objeto de un acoso constante con la finalidad de impedir a sus agentes el legítimo ejercicio de sus funciones.

Toda la sociedad española ha sido testigo a través de los medios de comunicación del enorme clima de hostilidad y de los numerosos ataques que han sufrido los miembros de la Policía Nacional y la Guardia Civil por el simple hecho de realizar su labor y defender el Estado de Derecho. Durante estos días, todos los ciudadanos han podido ver cómo los manifestantes les han insultado e incluso agredido, cómo han destrozado sus vehículos, cómo les han rodeado durante horas para bloquear sus salidas, cómo han informado a través de medios de comunicación de la Generalitat de sus movimientos dentro del territorio de la Comunidad Autónoma catalana con la finalidad de delatarles y señalarles. Hechos que han motivado que la Fiscalía de la Audiencia Nacional presentara una denuncia por sedición al considerar que serían constitutivos de éste y otros delitos.

Debe recordarse que, en el contexto descrito, el Gobierno de la Nación se ha visto obligado a adoptar medidas con objeto de garantizar el cumplimiento de la Ley en la Comunidad Autónoma de Cataluña en base a las instrucciones de la Fiscalía para impedir la celebración del referéndum ilegal y de acuerdo también a lo previsto en el artículo 38.2 de la Ley Orgánica de Fuerzas y Cuerpos de Seguridad que contempla la intervención de Policía y Guardia Civil en el mantenimiento del orden público.



Las explosiones de violencia a las que nos hemos referido tienen que ver con los llamados delitos de odio y son incompatibles con cualquier sistema democrático. No tiene cabida, por tanto, ningún tipo de actitud violenta o coacción con el fin de defender un posicionamiento político o ideológico. La violencia es simplemente violencia, sin que quepa justificación alguna atendiendo a la finalidad pretendida por sus autores o impulsores, por lo que todos los ciudadanos, y especialmente los representantes públicos, deben estar unidos en la condena de toda violencia, sin disculpar o minimizar en ningún caso hechos que puedan atentar contra la libertad y la integridad de las personas.

Es deber y obligación de todos los partidos democráticos rechazar y condenar rotunda y sistemáticamente cualquier comportamiento de naturaleza violenta -independientemente de la ideología en que se amparen- así como cualquier acción justificativa de los mismos, y mostrar su apoyo a las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado en su labor de defensa y protección de los derechos y libertades de todos los ciudadanos. Es injusto e intolerable que se les trate como enemigos cuando los guardias civiles y los policías nacionales son servidores públicos que cumplen con la responsabilidad de garantizar la libertad de todos y el libre ejercicio de nuestros derechos.

Los hombres y mujeres que integran estos Cuerpos están comprometidos con la seguridad de España y de los españoles, y dedican sus vidas a salvaguardar la convivencia, la seguridad y la tranquilidad de sus conciudadanos, mereciendo por ello el cariño, la admiración y el respeto del conjunto de la sociedad española. Es por ésta y por otras muchas razones por las que la Policía Nacional y la Guardia Civil son las dos instituciones públicas que más confianza generan según figura en el barómetro del CIS del año 2015, pues gracias a su servicio diario estamos consiguiendo que España sea en la actualidad uno de los países más seguros del mundo.”

Por todo iso, o Pleno da Corporación do Concello de Monforte, por once votos a favor (Grupos do PP e Socialista), un voto en contra (Grupo do BNG) e catro abstencións (Grupo de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), adopta o seguinte

#### ACORDO

*“El Ayuntamiento de Monforte de Lemos, manifiesta:*

- 1. Su adhesión al contenido del discurso formulado el pasado día 3 de octubre por el Jefe del Estado en el que demanda el cumplimiento de la orden constitucional, el normal funcionamiento de las instituciones, la vigencia del Estado de Derecho y el autogobierno de Cataluña, basado en la Constitución y en su Estatuto de Autonomía.*
- 2. Su apoyo y respaldo incondicional a la Policía Nacional y la Guardia Civil en su labor de defensa y protección de los derechos y libertades de todos los ciudadanos y, especialmente, y desde la legalidad constitucional, de la soberanía nacional, el Estado de Derecho, la democracia y la convivencia entre los españoles.*
- 3. Su condena al acoso sistemático al que sus miembros están siendo sometidos mediante actos violentos, independientemente de la ideología en que se amparen, así como cualquier tipo de acción o declaración que justifique, ampare o minusvalore dichos actos, rechazando en consecuencia toda conducta antidemocrática que atente contra la convivencia en paz y libertad y que trate de socavar los fundamentos de nuestra democracia.*



*Además, insta al conjunto de las Instituciones españolas a:*

*4. Utilizar con determinación y firmeza, así como desde la proporcionalidad y oportunidad, todos los mecanismos que, en defensa de la soberanía del pueblo español y del interés general de España, le atribuyen la Constitución y las Leyes.*

*5. Actuar, con las herramientas del Estado de Derecho, contra las iniciativas que pretendan, desde la ilegalidad y contra la voluntad democrática del conjunto del pueblo español, conculcar nuestro marco constitucional y la unidad de España.*

Para su conocimiento se acuerda finalmente, trasladar esta petición al Presidente y a la Vicepresidenta del Gobierno de España, a los Ministros de Justicia y de Interior del Gobierno de España, a los Portavoces de los Grupos Parlamentarios del Congreso y del Senado, a los Portavoces de los Grupos Parlamentarios de la Cámara autonómica, y a la Junta de Gobierno de la FEMP.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que explica o acoso ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. A Garda Civil e a Policía son dúas institucións das de maior confianza segundo o barómetro do CIS. Le o acordo da moción. Pretende defender ao Estado, á convivencia, ao sistema democrático e aos seus garantes, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

De Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, representante substituta das/do non adscritas/o, que di que non lles sorprende esta proposta do PP, trata de dicir que o goberno do Estado tivo unha boa actuación en Cataluña. Houbo erros, un moi gordo foi a das instrucións para actuar o un de outubro con violencia ou exceso de celo. Coas imaxes habidas están perdendo a batalla mediática. Porque a parte contraria cometa erros, dirixiron mal ás forzas de seguridade, leváronas para facer unha demostración de poder fronte a un pobo que ten dereito a expresarse. O conflito de Cataluña non se pode resolver como se está resolvendo, senón con diálogo e serenidade. Xa nos gustaría ter os corpos de seguridade cando os incendios. Non é que esteamos de acordo ou non coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, vostedes tratan de defender unha actuación que foi errada. Esa actuación non foi adecuada nin proporcionada. Non é correcta a utilización política que se fixo. Non é estar en contra das forzas de seguridade, incluídos os mossos de escuadra, senón dunha actuación determinada. O de Cataluña non se resolve así, vai para longo, nunha España unida e federal.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que viviu parte da súa vida en Cataluña. O problema é que non se actuou politicamente hai anos. Mestúrase con que non se respectou ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. Eu respéctoo, pero bandeiras e relixión tennos levado a grandes enfrontamentos. Dá vergonza e medo velos o 8 de outubro utilizando a bandeira de España de fular ou de capa. Non se mide así o españolismo, nin co baile “Que viva España” de Manolo Escobar, e tampouco o galeguismo. Falta respecto pola persoas, polos cataláns. As imaxes, en TVE poucas. Agora quérese intervir a TV3. Preocúpame a onde estamos indo. O 12 de outubro volvíñ sentir vergonza polo mal uso das bandeiras ao saír da misa da Garda Civil. O único que nos falta por ver é as mans á fronte, iso é o que se fomenta con este uso das bandeiras. Non quero que se propicie o odio entre os españois. En Cataluña fun querida e respectada e eu respectei. Insúltame se pensa que con esta moción é máis española ca min.



De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado deben estar por riba das forzas políticas. Tamén as policía locais, o Seprona, vixiancia aduaneira ou forestal. Este recoñecemento non pode amparar accións como a do un de outubro en Cataluña. A liberdade de expresión é incompatible coa violencia. Hai outras voces no Consello de Europa a favor do referéndum. Foi desproporcionada a acción do un de outubro contra as regras democráticas. Human Rights Watch dixo que houbo unha forza excesiva en Cataluña. Non hai dereito a que haxa violencia contra accións pacíficas. Tamén é obriga do PP respectar os dereitos humanos. Quérese procesar a máis de 700 alcaldes. A orde dada ás 13 horas de retirar as forzas foi recoñecer que estaba mal. Esta Corporación debería dirixirse en demanda de solución mediante diálogo. O título da moción non ten que ver coa adhesión ao discurso do Xefe do Estado, que debería actuar imparcialmente, foi calquera cousa menos imparcial. Os puntos 4 e 5 do acordo, despois do último Consello de Ministros, aumentan o conflito. O de Cataluña non se soluciona así.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que a moción ten un tufiño partidista. Mándelle aos seus xefes o da muralla, o do Porto Seco, etc. Nós estamos por abrir unha liña de diálogo. Imos estar coa Constitución e coas forzas do Estado. O Rei foi o primeiro en falar e foi valente. Son sandeces que hai máis mortos que vivos a favor da Constitución, está agora viva e vixente. Os pagáns somos todos. Está o noso apoio á Constitución. Está ben a aplicación do artigo 155, segundo o noso secretario xeral, sen prexuízo do ulterior que proceda. A ver se algún día lle mandan algunha moción dos outros.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que esas mocións non son só deste foro. Esta portavoz, como deputada, instou ao Ministerio de Fomento a conexión do Polígono do Reboredo e da N-120. A nós tampouco nos sorprende o posicionamento de M<sup>a</sup> José Vega, do BNG e de Esperta Monforte. Diríxese á portavoz deste último Grupo: eu son española, o de vostede non o teño claro, o que lle molesta é que non se escoitaba o da Plataforma da Sanidade. Vostede foi nunha lista do BNG, se non lle molesta a bandeira coa estrela, deixe que nós vaiamos coas nosas. Dille ao portavoz socialista sobre o tufiño partidista: gustaríanos que trouxese algo así vostede.

De Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, que di que os do PP van pola senda democrática, os outros están perdiños. Eu non son catedrática como Pérez Royo, maxistrada como Garzón ou política veterana como Anguita; gusto escoitalos e a Constitución e reformable. Dúas veces foi reformada, en materia de voto e o artigo 135 sobre déficit público. Que o Estado se sente con Cataluña en diálogo leal. Isto non é Estados Unidos, onde están sempre coas bandeiras. Aquí, a forza cara a Cataluña non a sacamos co dos lumes. A bandeira non ten bo uso políticamente. Ímonos abster.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que se pode ir na lista do BNG sen ser militante. Funo algún tempo. Non son persoa de bandeiras, son persoa de respectalas, moléstame por iso o mal uso e fretar autobuses para levar a bandeira de España. Estiven apagando o lume. E se fose á manifestación, sendo sen bandeira, faríao. É un camiño que nos vai levar a todos a unha situación límite. Quen manda alí aos corpos de seguridade, Rajoy e o goberno de España, fan un acto innecesario.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que en mocións en beneficio da veciñanza, podemos encontrarnos. En ideoloxía política estamos nas antípodas. En bandeiras, mentres non haxa ofensa, cada un a que queira. Cataluña non se soluciona cunha fuxida para adiante. Se ganan os independentistas as eleccións, volvemos ao 155? Non vou apoiar esta moción.

(D. Iban Torres Rodríguez renuncia á segunda quenda).



De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que hai bandeiras cando gana a selección española. O problema da bandeira española é que non nos identificamos con ela, vinculámola a outros tempos. Eu non a vinculo con nada, é a do Estado democrático constitucional. Sobre a ideoloxía que se profesa, dille ao portavoz do BNG que a del é independentista, como os que o son en Cataluña. Isto vai non de se gustan ou non as bandeiras, senón de apoio ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. Estas persoas foron defender os intereses de España e foron acosados. Vostedes poden apoialos ou non, pero non cabe no segundo caso ir despois ao día da Garda Civil ou da Policía Nacional.

## **9. MOCIÓN DE CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O PARA MODERNIZACIÓN DA ACCESIBILIDADE EN ESPAZOS PÚBLICOS.**

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. José Luis Losada Fernández e D. Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Nos últimos anos, tense avanzado moito no recoñecemento de que a accesibilidade representa un elemento clave á hora de traballar para rachar coa discriminación en materia de mobilidade humana.

As propias Nacións Unidas, téñeno reflectido en tratados como a “Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade”. Este documento pon de manifesto que a accesibilidade representa un dereito que implica a posibilidade real dunha persoa de entrar, transitar e permanecer nun lugar ou espazo, de maneira segura, comfortable e autónoma. Isto implica que as barreiras do entorno físico deben ser suprimidas.

A nivel de Galicia, temos a Lei 10/2014 de 3 de decembro de accesibilidade, onde se recolle a obriga de garantir igualdade de oportunidades para ás persoas con mobilidade reducida. Isto significa que, ante calquera actuación, se contemple esta realidade á fin de que todas as persoas podan acceder a espazos con seguridade, comodidade e autonomía.

Como todas e todos coñeceremos, en numerosas ocasións, a realidade dista considerablemente do que debería ser, uns espazos públicos libres deste tipo de discriminación. O noso Concello non é alleo a isto e temos casos que exemplifican unha realidade moi mellorable en materia de accesibilidade. Espazos públicos coma o Estadio da Pinguela, ou a Casa da Cultura, precisarían de actuacións para converterse en lugares plenamente accesibles.

Asemade, tamén somos perfectamente conscientes de que as circunstancias económicas, ás veces, non permiten asumir todas as actuacións que serían ideais de maneira inmediata. Do mesmo xeito, tamén é certo que existen axudas para mellorar estes espazos, coma por exemplo as subvencións concedidas pola Consellería de Política Social *ao amparo da Orde do 21 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións aos Concellos galegos, destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso públicos, cofinanciadas polo programa operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional de Galicia 2014 – 2020.*

Neste senso e para ir avanzando de cara a que o Concello de Monforte teña cada vez máis espazos totalmente accesibles,

O Pleno da Corporación Municipal, por dez votos a favor (Concelleiras/o non adscritas/o e Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte) e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

#### ACORDO

Instar o equipo de goberno

1. A que realice as actuacións máis urxentes en materia de accesibilidade, como é o caso do estadio municipal da Pinguela.
2. A elaborar un inventario de todos os espazos municipais que necesitan reformas, co obxectivo de ir mellorando a accesibilidade en todos eles e, por outro, a estar atentos a novas convocatorias de axudas que se aproben para estas actuacións.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que explica a moción e le os puntos do acordo.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que lle di á portavoz do PP que hai que seguir vivindo en paz, e por iso debería estar o PP. Ata hoxe, non son independentista, co PP ata ao mellor me convirto, fomentan o independentismo. Vou apoiar esta moción.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que lle di á anterior interveniente que alá ela e a súa responsabilidade sobre o independentismo. O estadio da Pinguela é accesible a nivel do campo. Preocúpanme casos como o da UNED, o problema co ascensor. Máis alá diso, imos apoiar a moción.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que lle di á portavoz do PP que apoian o dereito a decidir. Non somos quen de dirixirle a vida aos demais. Está ben a moción non só no caso do campo da Pinguela ou do pavillón. Hai que dar os pasos necesarios.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que a accesibilidade é prioritaria para o equipo de goberno. Compartimos isto, pero con prioridades, porque os medios son limitados. Estamos actuando: ascensores, parques infantís, etc. Temos previsto un estudo con COGAMI. O da Pinguela non é o máis prioritario. Si estamos de acordo co punto 2 da moción. Ímonos abster.

De Dna. Pilar López Martínez, que agradece o apoio.

#### **10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA RECLAMAR A COBERTURA DO ESPECIALISTA EN DIXESTIVO NO HOSPITAL COMARCAL.**

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. Iban Torres Rodríguez e Dna. Purificación Argiz Quintas).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi vista, sen pronunciarse sobre ela, pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base á moción e cunha modificación no punto 3) do acordo tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:



“Exposición de motivos.

No pasado mes de febreiro de 2017 xubilouse no noso hospital comarcal un dos especialistas de dixestivo, o que provocou que dende esa data (fai xa 8 meses) quedase un só profesional para dar cobertura a consulta, probas de endoscopia e atención e seguimento dos pacientes ingresados da especialidade de dixestivo.

Como era de esperar e non tan difícil de comprender, esta situación ven xerando no noso hospital un atraso importante nas listas de espera, tanto para consulta como para probas, así como está supoñendo unha diminución importante na calidade da atención dos pacientes ingresados, posto que están sendo controlados por Medicina Interna.

Ao Xerente de Xestión Integrada, Sr. Ares, enchéselle a boca sempre xustificando as nosas carencias, falando de calidade Asistencial, cousa da que tamén nos gusta falar a nós e vamos a poñer algúns exemplos:

**-O Sr Ares e o noso xerente executivo intentárono todo, como por exemplo poñer a un cirurxián a pasar a consulta de dixestivo. Esta situación foi denunciada pola Plataforma Sanitaria e tiveron que rescindir o contrato.**

**-Durante o mes de agosto por estar de vacacións o único especialista que nos queda, optaron por desprazar dende Lugo un día á semana a un especialista para dar saída as probas máis urxentes de Endoscopias.**

**-Os pacientes de Dixestivo ingresados seguen a día de hoxe a ser controlados por Medicina Interna.**

**-Recoñece publicamente o Xerente Executivo, Sr Sanz que “chegou un currículo de dixestivo que non cumpría cos requisitos mínimos para traballar aquí. En canto poidamos contrataremos”. Entrevista publicada o Domingo 8 de Outubro. O que non di é de que requisitos se trata, aínda que si aclara que “despois de valoralo con xente do servizo de toda a EOXI DECIDIUSE QUE NON CUMPRÍA OS REQUISITOS”**

O pasado domingo 8 de Outubro esta comarca deu mostras de novo de non permitir que o noso Hospital vaia perdendo especialidades, e esta era precisamente unha das mensaxes que se escoitaron pola megafonía nos días previos e na propia manifestación.

Dende a publicación do anteproxecto de modificación da lei de saúde o Goberno da Xunta de Galicia e os seus representantes nesta provincia e nesta cidade levan gastado moita saliva e tamén bolígrafo falando e escribindo acerca das bondades que presenta para a nosa cidade, como que esta modificación nos vai permitir ter especialistas desprazados, que vamos mellorar.....etc....

Resulta tremenda curioso que o día 11 de outubro, 3 días despois da citada manifestación, o noso xerente executivo declara que **“a manifestación non serviu para nada”**, pero ao mesmo tempo afirma que **“mandou un escrito solicitando a contratación de 26 persoas entre enfermeiras, técnicos auxiliares de enfermaría e celadores”** así como que **“o día 17 de outubro contaremos cun novo internista... e que ese internista pasará a consulta de dixestivo”**, bendita casualidade.

As carencias de persoal son evidentes no Hospital e nos centros de Saúde, polo que nos alegramos de que se solicite o aumento de cadro de persoal, pero consideramos que ademais de solicitalo hai que contratalo.

Por moito que o noso xerente reitere a inutilidade da manifestación do 8 de outubro, non podemos obviar a casualidade desta oferta laboral. Non queremos ser mal pensados e tomar esta acción como un apaño para apagar o lume, e podémolo tomar como unha mera casualidade, pero esta nova situación non pode esconder outros comentarios que se escoitaron estes días:



**“As especialidades dun só especialista tal como se vaian xubilando ou marchando por traslado serán asumidas por MEDICINA INTERNA”.**

Negouse polos voceiros do Partido Popular tal afirmación, e mira por onde agora o xerente ven a dar a razón aos que mentiamos: **CONTRÁTASE A UN INTERNISTA QUE PASARÁ A CONSULTA DE DIXESTIVO**. Xustifica a non contratación dun dixestólogo en que as probas as está a facer e chega o dixestivo de plantilla....., facendo peonadas.... este grupo municipal se pregunta se serán estes os criterios que non cumpría o dixestólogo que non se contratou.

Queremos aclarar que non temos nada en contra da contratación dun Internista, pero dáse a circunstancia de que a praza sen cubrir é de Dixestivo, e non é o mesmo. Vostedes que sempre xustifican todo na calidade sábeno perfectamente, como se pode entender que non lles importe a calidade asistencial que están a recibir os pacientes de dixestivo ingresados no hospital de Monforte?, estannos tratando en igualdade o cubrir unha praza de Dixestivo cun Internista?. Pasa en Lugo a consulta de Dixestivo ou levan a planta os Internistas?

Por todo isto, o Pleno, por once votos a favor (Grupos de Esperta Monforte, Socialista e do BNG e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco votos en contra (Grupo do PP), adopta o seguinte

#### ACORDO

- 1) Que o Sr. Alcalde como representante desta Corporación no Hospital solicite entrevista urxente co Xerente de Xestión Integrada para manifestar a máis rotunda protesta polo trato que a nosa cidadanía está a recibir.
- 2) Instar á Consellería de Sanidade a cobertura da praza de Dixestivo xerada no noso Hospital cun especialista en Dixestivo.
- 3) Instar ao Equipo de Goberno a convocar unha reunión á maior brevidade posible cos grupos da Corporación para analizar e dar cumprimento ás mocións relativas o anteproxecto de modificación da lei de Saúde que aprobamos no Pleno de setembro”.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a moción.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que dende hai oito meses, por xubilación, só hai un especialista en dixestivo e prodúcese un aumento da lista de espera. Cúbrese a falta cun internista e hai desprazamento ao HULA dos casos urxentes nas vacacións do especialista que queda. Un internista está capacitado, pero non para a parte técnica, como endoscopias. Non se cubren as necesidades de especialista. Que se aclaren as eivas do currículo rexeitado. A Consellería de Sanidade debería aumentar o MIR. Hai que incentivar o traballo no Hospital Comarcal, non o fai o anteproxecto da lei de saúde. O voto é a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que é atinado o da anterior interveniente sobre a validez do internista. Coincido coa proposta de aumento de prazas de especialidade dos MIR. Hai problemas de contratación. A reforma da lei de saúde si pon medidas para estas situacións. Non vou entrar no que se di na moción ao respecto, pero eu sabía o da contratación do internista antes de que se manifestasen. Na parte dispositiva, de acordo co punto 2. Pero no punto 1, as queixas deben ser polo boicot dunha correcta actuación, que se priorice aos pacientes e non se faga política no ámbito hospitalario. Respecto ao punto 3, sinto que non aprobasen no anterior Pleno a iniciativa do Partido Popular.



De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que mostra o seu apoio aos tres puntos do acordo, na liña das mocións sanitarias aprobadas no Pleno anterior.

De Dna. Pilar Espinosa Novelle, portavoz suplente do Grupo Socialista, que di coñecer a dificultade de contratar especialistas. Ao principio, con sorte, hai expectativas dun traballo fixo. Esa sorte acábase. Hai que evitar a precariedade. E ter especialistas nas áreas correspondentes; se non, desmantélase o Hospital Comarcal. Si aos puntos 1º e 2º do acordo da moción, pero no punto 3º non se debe determinar a reunión xa en outubro e si prevela á maior brevidade posible.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle di a Dna. Pilar López que non dixo que fose ilegal a substitución habida, era ilegal un cirurxián. Pero non é o mesmo un dixestólogo que un internista. Reflexione: non é ilegal, pero non é igual a calidade asistencial. Dille a Dna. Julia Rodríguez que o xerente do Sergas dixo que descoñecía o de Monforte. Dicir que a calidade asistencial é a mesma: algúns pacientes pediron traslado a tratamento de dixestólogo.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle di a Dna. Maribel García que un internista está perfectamente capacitado para atender, agás na parte técnica. Non é o mesmo, pero antes de que non haxa ninguén, un internista. Temos que loitar por resolver este problema nos hospitais comarcais.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle pide a Esperta Monforte que acepte a votación por puntos.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncia á segunda quenda).

De Dna. Pilar Espinosa Novelle, portavoz suplente do Grupo Socialista, que di que haberá un 60% de xubilacións nos próximos dez anos. Imos perder prazas, sobre todo en atención primaria.

Do Sr. Alcalde, que di que non hai problema cos puntos 1 e 2. Respecto ao punto 3, teño que convocar a tódolos grupos. Antes de fin de outubro é complicado. De acordo en que a reunión sexa á maior brevidade posible.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que non hai inconveniente no de tódolos grupos. Fíxose a redacción en base aos posicionamentos habidos, pero non hai problema. Tampouco hai problema para á maior brevidade posible. Dille a Dna. Pilar López que un internista está capacitado para ser internista. Existen as especialidade e é por algo. Non podemos perder un dixestólogo, substituído por un internista, non é o mesmo. Se tragamos isto, en lugar dun neurólogo ou dun reumatólogo, tamén un internista; ten o manto legal, pero non o da calidade asistencial.

(Vótase o punto 3 do acordo da moción coa redacción que figura aprobada, que substitúe á seguinte: “Instar ao Equipo de Goberno a convocar unha reunión antes de finais de outubro cos grupos que aprobamos no Pleno de Setembro as mocións relativas o anteproxecto da modificación da lei de Saúde a fin de comezar a darlles cumprimento”).

## **11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE O GOBERNO DA DEPUTACIÓN CONTINÚE A OFRECER O SERVIZO DE CATAMARÁNS NAS RUTAS FLUVIAIS DOS CAÑÓNS DO SIL E NO RÍO MIÑO DURANTE TODO O ANO.**

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. Gloria Prada Rodríguez).



Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Ata o ano 2016 que entrou o actual equipo de goberno, estíbese a facer un importante esforzo por parte dos responsábeis de Turismo da Deputación para culminar unha desestacionalización do turismo na zona sur da provincia de Lugo, utilizando os catamaráns como unha ferramenta dinamizadora do sector para acadar este obxectivo. Con isto conseguiríase unha afluencia continuada de visitantes, máis aló dos meses de verán, que permitiran un desenvolvemento sostíbel durante todo o ano do turismo e, polo tanto, das comarcas relacionadas coa Ribeira Sacra e co Sur da provincia de Lugo en xeral.

Este esforzo xa se veu truncado no primeiro ano que no actual goberno tomou posesión, xa que coa teórica desculpa de proceder ao un arranxo e mantemento dos catamaráns procedeuse ao peche do servizo durante varios meses, procedendo ao mesmo tempo ao despedimento das traballadoras e traballadores. Foi xa nese ano 2016 cando se lle asestou o primeiro golpe a este servizo e, polo tanto, ao sector turístico da Ribeira Sacra.

Neste ano 2017 a situación foi moito peor. No pasado mes de marzo o goberno da Deputación procedeu a concederlle a empresa TRAGSA a encomenda de xestión do servizo de catamaráns das rutas Fluviais do Canón do Sil e do Río Miño, retirándolle a encomenda SUPLUSA, ente instrumental da Deputación que o viña xestionando dende había xa moitos anos. Esta operación fíxose pola porta de atrás, cometendo un claro fraccionamento de contrato, sen ningún tipo de concurso público nin de selección transparente do persoal e, o que é máis importante, sen ningún tipo de xustificación razoable aparente. Por se todo iso non fora pouco, agora descubrimos que ademais de pagarlle salarios máis baixos ao persoal, de terlles contratos en peores condicións e de ofrecer un peor servizo, o prezo resultante é superior en máis dun 20% ao que custaba anteriormente.

As consecuencias de tanto despropósito culminaron hai uns días co anuncio do peche do servizo para finais de outubro, peche feito con varios centos de reservas feitas, sen advertir previamente do que ía acontecer nin ao sector turístico nin aos traballadores e traballadoras, os cales se enteraron pola prensa de que ían a perder o seu traballo.

O dano feito á imaxe do sector turístico da zona, o dano ocasionado tanto aos empresarios do sector como aos traballadores e traballadoras e sobre todo o golpe asestado ao desenvolvemento do sector turístico da Ribeira Sacra é incalculábel e seguramente tardará moitos anos en recuperarse.

Ante tanto despropósito, improvisación e falta de planificación faixe necesario un cambio de rumbo na xestión deste importante recurso para o turismo da provincia, cambio que pasa inescusabelmente en primeiro lugar por mudar de forma urxente a decisión de interromper o servizo neste mes de outubro, procedendo a mantelo durante todo o ano.

Por todo o exposto con anterioridade, o Pleno deste Concello, por dez votos a favor (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

#### ACORDO



1. O Pleno do Concello de Monforte maniféstase totalmente en contra da interrupción do servizo de catamaráns nas Rutas Fluviais do Canón do Sil e do Río Miño decidido polo goberno da Deputación para este mes de outubro.

2. O Pleno Concello de Monforte insta ao Goberno da Deputación a continuar prestando o servizo de catamaráns, sempre que o nivel de auga o permita, manténdoo durante os doce meses do ano como única forma de promover un turismo sostíbel e polo tanto que serva como ferramenta de desenvolvemento dos concellos e comarcas afectadas.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción, con algunha explicación adicional.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que están de acordo. Os percorridos dos catamaráns son un atractivo máis para a comarca. O turismo debe ser apoiado polas administracións públicas. O turismo serve para a dinamización socioeconómica. Non temos datos concretos sobre se deben estar os doce meses do ano. Supoño que o propoñente da moción terá datos para que o formule así.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que en liñas xerais está de acordo. Hai que valorar se é absolutamente necesario todo o ano. Ao mellor é prudente unha mínima estacionalidade, pero as estacións –vémele cos incendios- mudaron. A favor, con esas dúbidas.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que van apoiar a moción porque coinciden substancialmente. A reflexión é: benvido á defensa deste servizo. Porque durante tempo –sendo vostedes tamén responsables- non se mirou debidamente polo servizo.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que a Ribeira Sacra é un atractivo turístico de primeira orde, cun incremento progresivo do turismo. Os catamaráns son un atractivo e un dinamizador. O 31 de outubro finaliza o servizo, aínda que estaba previsto ata decembro. A Dirección Xeral de Tributos comunicou que o IVE polos servizos sería duns 200.000 euros, o que reduciu a dispoñibilidade orzamentaria, agotando antes os fondos. De novembro a decembro, está o 4% do total do servizo. Aínda así, ímonos abster. De acordo co servizo, pero comprendemos os inconvenientes.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que ata final de ano había contrato e reservas. Está a ponte da Constitución e un repunte en fin de ano. Na porcentaxe que é, pero as reservas estaban feitas. Benvidos? No BNG sempre se traballou a favor destas rutas. O fundamental foi, segundo dixo o portavoz socialista, un problema de fondos, en máis ou menos 150.000 euros, cantidade non prevista pola Deputación. Se non se pode manter con tantos barcos, ver a forma máis axeitada para prestar o servizo. Agradecer o apoio dos grupos que están a favor.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle pregunta ao Sr. Torres polo IVE, o contrato e se hai que indemnizar á empresa.

De Dna. Maribel García Díaz, que pregunta tamén polo IVE.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di non saber se o número de turistas xustifica o servizo todo o ano. Apoiamos, con análise de se mantelo só fins de semana e festivo. O servizo está suxeito a IVE, que ten pasado?

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que el intervén pero non está suxeito a preguntas.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que a Deputación pechou o servizo. O Concello insta: a Deputación poderá dicir por que pechou.

## **12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE ELABORACIÓN DUN PLAN DE EMERXENCIA CONTRA A SECA.**

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase D. Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Tras realizar este grupo no último pleno unha pregunta encol da existencia no concello de un plan de emerxencia en caso de seca, do que se recibiu como resposta por parte do grupo de goberno que daquelas non era preciso e dadas as circunstancias meteorolóxicas actuais, que seguen reducindo as reservas de auga, entendemos que necesario elaborar un plan de emerxencia onde se recollan os protocolos de actuacións axeitados para paliar o problema. Estes protocolos deben abordar accións tanto no eido público como no privado.

No que se refire ao eido público, debe ser non só efectivo se non tamén referente e exemplo para a veciñanza. Por iso han de tomarse medidas que racionalice o uso da auga, en rega de xardíns, baldeo de rúas, funcionamento de fontes, etc. E no que atinxe ao sector privado, concienciar á xente mediante campañas e se for preciso bandos con tal fin.

O protocolo debe contemplar diversos grados de actuación segundo a necesidade, cuxo máximo chanzo sexan as restricións de auga, sendo os chanzos anteriores os encargados de evitar ter que chegar a estas.

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

### ACORDO

Instar ao equipo de goberno a que de forma urxente elabore un plan de emerxencia que recolla:

- Un protocolo gradual de actuacións a desenvolver no caso de escaseza de auga.
- Que mediante as canles oportunas, se realice unha campaña de concienciación aos veciños un uso racional da auga.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:



De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que que le a moción, con algunha explicación adicional.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que lle di ao Sr. Torres que o do IVE foi porque manexou ese dato que ela descoñecía. Despois pedireino como rogo de que se pida á Deputación. Hai problemas de seca. É boa a campaña de concienciación. A favor.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que está a favor. Debe haber un modo de vida, independentemente da seca, uns hábitos nas casas a ensinar nos colexios.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, portavoz suplente do Grupo do PP, que di que están a favor. Hai unha problemática xeral. O ano ten sido un 12% menos chuvioso que a media. Véxase o encoro de Vilasouto. É temerario dicir na prensa que non hai problemas, como fixo o Alcalde. E tamén o que dixo sobre os pozos. Temos que ser previsores. Hai dúas parroquias con problemas, Rozabales e Vilamarín, corríxame se non. Hai que ver as fugas e demais aspectos.

Do Sr. Alcalde, que lle di ao anterior interveniente que pon palabras que non dixo, nin na prensa nin noutro lado. Non hai ningún problema de abastecemento en Monforte. Nas parroquias hai problema en catro casas. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil ten un estudo dun instituto americano de que decembro e xaneiro van ser chuviosos.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di ao PP que os problemas que augura non existen. A Xunta e a Confederación Hidrográfica din que non hai situación excepcional, salvo a preventiva xeral. En Monforte non hai problemas de abastecemento. O Cabe ten suficiente caudal, aínda que non chova no que queda de ano. Non son necesarias medidas restritivas. Os problemas son só puntuais, en pozos particulares, soluciónanse coa cisterna. Apoiamos a moción porque coincide que hai un traballo previsto sobre o que figura nela.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que non se fala de restrición. Si dun protocolo para evitala. Segundo o Alcalde, ata xaneiro está controlado; hai que mirar as medidas se hai problema chegado xaneiro.

## **MOCIÓN E ASUNTO DE URXENCIA.**

Segundo o previsto no artigo 91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno, por unanimidade, acorda incluír os seguintes asuntos:

### **A) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA LOITAR CONTRA A PROBLEMÁTICA DOS INCENDIOS.**

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Julia Rodríguez Barreira e Dna. Pilar Espinosa Novelle).

En base á moción presentada, tralo seu debate, acórdase o seguinte:

“Exposición de motivos.



Nesta ocasión, sen necesidade de recorrer ao ocorrido noutros lugares, ímonos a centrar na situación vivida a raíz dos incendios forestais acontecidos estes días pasados no noso concello, nos motivos, nas consecuencias e nas posibles solucións.

En canto á **situación vivida**, creemos que todos somos conscientes do que sucedeu: un cúmulo de circunstancias fixo que unha serie de incendios forestais acontecidos neste concello e outros do contorno contribuíran a que os servizos de extinción se viran desbordados, cundira o pánico en certos núcleos habitados pola ameaza do lume fronte aos seus bens e que os veciños tiveran que participar activamente na extinción para defendelos.

En canto aos **motivos** que provocaron que se dera esta situación, debemos admitir que son múltiples, non podendo atribuílos unicamente as condicións meteorolóxicas adversas ou aos incendiarios. Se ben estas foron determinantes, hai que destacar que existen outras, tanto ou máis importantes, sobre as que ademais podemos actuar. Xa na moción presentada fai 3 meses por este grupo espertamonforte! para tomar medidas de prevención contra os incendios forestais se indicaban as carencias existentes na ordenación do territorio rural que provocan que os montes estean invadindo progresivamente os agros e os núcleos rurais, achegando a estes espazos áreas cubertas de vexetación altamente inflamable que provocan que os lumes se propaguen de maneira incontrolada. Tamén na moción presentada por este mesmo grupo fai exactamente un ano sobre a plantación de eucaliptos se indicaba, entre os prexuízos que achega esta especie, o agravamento do problema dos incendios debido á fácil combustión da súa madeira e ao alto contido de aceites altamente inflamables.

Pero hai que introducir outras variables que tamén contribuíron a este desastre:

1. **Que non se respecten as normas** establecidas pola lexislación vixente en materia de distancias nos terreos situados a menos de 400 m do monte, onde se determinan os criterios para a xestión da biomasa vexetal e que estas distancias non sexan suficientes.
2. **Que se privatice e se disgregue o dispositivo contraincendios**, dificultando unha boa coordinación e unificación dos medios, ademais de provocar unha desigualdade e precariedade laboral.
3. **Que non se desenvolvan políticas eficaces de prevención**, tanto as dirixidas ao territorio a través da mellora ou amplificación das infraestruturas preventivas, coma as dirixidas á poboación a través da realización de actividades educativas e campañas de divulgación e sensibilización sobre esta problemática e as súas consecuencias.
4. **Que non se revisen, actualicen e apliquen os plans** e os protocolos de emerxencias e prevención.
5. **Que non se investiguen suficientemente as motivacións** e causas que xeneran a actividade incendiaria e que non se poñan medios suficientes para determinar a causa e os causantes de cada incendio.
6. **Que cada vez máis se fomente a prantación de especies pirrófitas** (eucaliptos e piñeiros) en detrimento de aquelas outras que contrarrestan o avance e os efectos do lume.
7. **Que non se valorice o monte**, desenvolvendo nel actividades que contribúan ao aproveitamento multifuncional e sostible dos seus recursos.

En canto as **consecuencias** hai que dicir, para comezar, que son moi visibles e moi palpables: é ben visible a mancha negra que cubre unha parte importante do noso concello, e son ben palpables as perdas de bens, recursos e infraestruturas afectando a cuestións como a biodiversidade, o ambiente e a paisaxe, tan importantes a nivel social e de saúde pública, tamén aos cultivos e recursos agrícolas e forestais e a infraestruturas tan importantes como as comunicacións e rede eléctrica. Cabe destacar tamén a este respecto que son moi poucas, por non dicir ningunha, as medidas que se adoptan, por unha parte, para evitar que o solo se degrade e, por outra parte, para restaurar de maneira axeitada a cuberta vexetal nestas superficies queimadas.



En canto ás posibles solucións, de igual maneira que son múltiples os motivos que causan ou agravan estes incendios, tamén son múltiples as solucións que habería que achegar.

Por todo isto, o Pleno do Concello de Monforte, por once votos a favor (Grupos de Esperta Monforte, Socialista e do BNG e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

#### ACORDO

Adoptar as medidas necesarias para que se comecen a aplicar as seguintes solucións, instando ás administracións competentes en cada caso:

1. Que se adapten as limitacións de distancias ás verdadeiras necesidades e se fagan respectar. A este respecto, o concello ten atribucións sobre as redes secundarias de xestión da biomasa (artigo 21 da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia).
2. Que se estructure o dispositivo contra incendios de maneira integradora, no que o servizo de prevención e defensa contra incendios forestais aglutine todo o persoal en igualdade de condicións laborais e incorporando, ás súas tarefas nas épocas de baixo risco, as labores de prevención que eles poidan abordar. Deste xeito as emerxencias poderanse abordar en calquera momento, sen improvisacións, e poderanse desenvolver as tarefas precisas para manter o territorio nas mellores condicións posibles para a súa protección.
3. Que se revisen e actualicen os plans e protocolos de emerxencias e prevención e que, en base a estes, se desenvolvan, por unha parte, as tarefas de prevención necesarias e, por outra parte, se apliquen os protocolos axeitados no momento preciso. A este respecto, o concello ten a obriga de elaborar o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, que integrará nos plans de emerxencias municipais (artigo 16 da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia).
4. Que se potencie e se dote aos grupos de investigación de incendios forestais de maneira que poidan determinar as diferentes motivacións existentes en cada territorio, as causas de cada incendio e o causante de cada un deles.
5. Regular e limitar ou prohibir a prantación de especies pirrófitas, en base ao grao de perigosidade que cada unha delas achegue e ao espazo no que se implanten.
6. Fomentar e apoiar actuacións que sirvan de motor dinamizador e valorizador do rural e especialmente das áreas forestais e dos montes en xeral.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a moción.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que comparten esta iniciativa. É preocupante a vulnerabilidade dos nosos montes. É nula a planificación forestal. A consecuencia: As Neves arrasado. A moción inclúe cuestións municipais. Houbo incendios en Pantón ou en Chavaga –o 15 de outubro-. Sumámonos e esperamos iniciativas sobre o que se expón. Feijoo dixo



que sería a lexislatura do rural, é unha oportunidade para crer nas súas palabras. Por desgraza, seguiremos con incendios en montes non planificados.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, portavoz suplente do Grupo do PP, que mostra a solidariedade cos afectados e apoio a quen traballaron. Os pirómanos son criminais que aproveitan as circunstancias. O noso Concello tamén foi afectado. Hai causas directas e indirectas, podería haber un longo debate sobre esas causas. Houbo 350 brigadas –e máis datos que dá-, un dos maiores operativos nesta época do ano. O Pladiga regula isto. É un Plan que existe dende 2007, revisable cada ano. É un dos mellores plans autonómicos, a resposta ao lume é de menos de 15 minutos. Falta dilixencia do Concello para as súas competencias e para un plan de emerxencias. Está en materia forestal a Orde do 19 de maio de 2014. Estase elaborando un novo Plan forestal de Galicia. Hai iniciativas de Agader, rebaixas fiscais para a actividade agraria, un novo modelo de transporte, un impulso ao turismo.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que fai un recoñecemento ao traballo en condicións moi duras, cando o Goberno non estaba nin se lle esperaba. Cando o de Pedrogão en Portugal, a nosa portavoz parlamentaria fixo unha proposta que non foi atendida. É momento de recoñecer erros e actuar debidamente. Se miramos custos, con menos puidose facer máis. Deter aos incendiarios ou aos dirixentes da ANC é ver o problema de momento pero non de fondo. Se non hai medidas forestais, o ano que vén haberá o mesmo problema. Compren medidas de prevención, non só de extinción.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di ao PP que despois da praga da auga, agora a dos incendios, todo de perlas. Non se trata de demonizar a alguén, hai responsabilidade política. O primeiro é o recoñecemento a quen traballaron e ás organizacións que colaboraron ante a desorganización da Xunta de Galicia. O pésame ás vítimas. Foi a crónica dunha morte anunciada, como a de Santiago Nasar na novela de García Márquez. O Goberno galego e a TVG non se enteraron ata que os efectos foron devastadores. O Sr. Feijóo acusaba no seu día, en 2006, a Touriño e a Suárez Canal, mentres el aparecía coa manguera. Non se pode despachar só co do terrorismo incendiario. Está a responsabilidade de quen non puxo os medios e a incompetencia do Goberno galego, as condicións climatolóxicas estaban anunciadas. Houbo deixación de funcións, o 30 de setembro púxose fin ao contrato de 360 persoas, o 12 de outubro –en pleno lume- foron brigadistas para casa. Non houbo a mesma dilixencia en licenciar efectivos privados. Produciuse un colapso do 112. Houbo un elevado nivel de incompetencia.

De Dña. Maribel García Díaz, que lle di ao PP que esta moción, que puido facer moito sangue, é cariñosa; non esperaba o alarde do ben que se fixo todo. Son ousados vostedes. Escoito coordinación e poñénsese os pelos de punta. O que chaman prevención –para evitar- é tratamento. Fan despedidos sen ser conscientes do cambio no tempo, agora non é xullo-agosto. É necesario limpar os montes. Están xurdindo movementos voluntarios, tense rexistrado neste Concello algo a ese respecto.

De Dña. Pilar López Martínez, que di que “as hemerotecas arden mal”, título do artigo –parafrazeando “os libros arden mal” de Manuel Rivas-, de Suso Veiga en Galicia Confidencial. Feijóo tamén falou de terroristas incendiarios, para agochar con ese termo facerlle fronte a esta praga. Está a actuación de Feijóo en 2006. En Portugal houbo dimisións. Dimitir aquí seica é un verbo ruso. Mentres non nos preocupemos dunha política real de prevención, e de verdadeira lexislación para o rural, estamos aviados, os nosos montes seguirán ardendo.



De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, que di que é complicado facerlle fronte a 294 incendios xuntos. Asturias tivo un problema similar. Pobres infelices, Sr. Torres? É o que dixo o Presidente Feijóo: terroristas incendiarios. Que aportou este Concello en prevención? Non tiña brigadistas. Fagan cumprir a normativa de desbroces. Acusan vostedes do uso partidista: é o que fan vostedes deste asunto.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que houbo falta de medios e de coordinación. Faltou cobertura pola TVG. O Presidente da Xunta recoñeceu que a situación estaba fóra de control. Para ser a lexislatura do rural, a lei de depredación de Galicia vai en contra. A Asturias, Galicia e Portugal, únenos forestalmente o eucalipto. Arruinamos o noso monte.

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di ao PP que o entendeu na súa primeira intervención: todo de perlas. Cando cite, fágao sen terxiversar, no de infelices.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que aproveite, Sr. Alcalde, as ofertas de voluntariado. Solicite axuda á Xunta de Galicia para o Plan de incendios. Non debe causar sorpresa a lei de depredación, eu estou enterada dela. (Dna. Julia Rodríguez di que se chama lei de emprendemento).

## **B) MODIFICACIÓN DO ANEXO DO CONVENIO COA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA OBRAS NA REDE DE SANEAMENTO.**

En base á comunicación recibida da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e tralas intervencións habidas, acórdase o seguinte:

“O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

### **ACORDO**

Aprobar a *“MODIFICACIÓN DEL CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE LA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, LA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Y EL AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS PARA LA FINANCIACIÓN, EJECUCIÓN Y ENTREGA DE LAS OBRAS DEL PROYECTO DE MEJORAS EN LA RED DE SANEAMIENTO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS. RÚAS SANTA CLARA, A VEIGA, CHANTADA, JUAN MONTES Y PADRE FEIJOO”*, que ten o seguinte contido a asinar polas partes:

### **MANIFIESTAN**

I.- Que en fecha 20 de setembro de 2017 se otorgó Convenio interadministrativo entre la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, la Diputación Provincial de Lugo y el Ayuntamiento de Monforte de Lemos con el objeto de determinar las condiciones que regirán la financiación, puesta a disposición de los terrenos, ejecución y el régimen de la posterior entrega de las obras e instalaciones contempladas en el proyecto titulado “Proyecto de mejoras en la red de saneamiento urbano de Monforte de Lemos. Rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes y Padre Feijoo”.

II.- Que, conforme a lo establecido en el apartado tercero de la Cláusula segunda, en caso de resultar necesaria la modificación de las anualidades, ésta se realizará a propuesta de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, cuando sea preciso, para acomodar la financiación al ritmo de ejecución de las actuaciones.

III.- Que en aplicación de la legislación de contratos del sector público, de la normativa contable y presupuestaria, y atendiendo al estado de las actuaciones objeto del Convenio, esta Confederación Hidrográfica dispone de nuevos elementos de juicio a la hora de realizar una previsión de anualidades, conforme a lo establecido en la Cláusula Quinta del Convenio, por lo que procede modificar las aportaciones económicas, para la buena marcha y ejecución del Convenio.

IV.- Que, por lo anteriormente expuesto, es necesario modificar el Anexo I del Convenio en cuestión, en lo referido al número de anualidades y la distribución de las aportaciones dinerarias que la Diputación de Lugo, el Ayuntamiento de Monforte de Lemos y la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil han de realizar, para acomodar éstas a las nuevas necesidades y al ritmo de ejecución de las actuaciones.

La antedicha redistribución, se efectúa respetando en todos sus términos tanto los compromisos de financiación del importe total de las actuaciones recogidas en el convenio suscrito, como el alcance y el objeto de las actuaciones contempladas en el mismo.

A tal fin, en vista de lo manifestado anteriormente, las partes acuerdan suscribir la presente modificación al convenio de referencia, con arreglo a las siguientes

## CLÁUSULAS

### ÚNICA.-Modificación del Anexo I.

Una vez examinado el grado de cumplimiento de las actuaciones objeto del Convenio y a propuesta de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, las anualidades y las cuantías a aportar, se reajustan del siguiente modo:

AÑO	ANUALIDAD VIGENTE	REAJUSTE	ANUALIDAD REAJUSTADA
2017	70.000,00 €	-70.000,00 €	0,00 €
2018	700.000,00 €	-630.000,00 €	70.000,00 €
2019	630.000,00 €	+70.000,00 €	700.000,00 €
2020	0,00 €	+630.000,00 €	630.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>1.400.000,00 €</b>	<b>1.400.000,00 €</b>	<b>1.400.000,00 €</b>

A la vista de lo anterior, las aportaciones de las tres Administraciones otorgantes, recogidas en el Anexo I del Convenio, quedan establecidas en los siguientes importes:

	TOTAL	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL (35,71%)	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (35,71%)	AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS (28,57%)
2017	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2018	70.000,00 €	25.000 €	25.000 €	20.000 €



2019	700.000,00 €	250.000 €	250.000 €	200.000 €
2020	630.000,00 €	225.000 €	225.000 €	180.000 €
<b>SUMA</b>	<b>1.400.000,00 €</b>	<b>500.000 €</b>	<b>500.000 €</b>	<b>400.000 €</b>

Neste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que cada vez temos unha nova modificación, a ver se rematamos.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que estamos alongando isto e que ve xa asinantes no documento recibido.

### PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

#### **13. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 20.09.2017 a 17.10.2017.**

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 20 de setembro e o 17 de outubro de 2017.

#### **14. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 02.10.2018 e de 13.10.2017) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

#### **15. ROGOS E PREGUNTAS.**

##### **1º .- ROGO PRESENTADO POR REXISTRO ELECTRÓNICO POLAS/O CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O O DÍA 22 DE OUTUBRO DE 2017.**

Dna. Pilar López Martínez, en representación delas/del, formuLa o rogo.

##### **ROGO SOBRE O ARRANXO DO CAMIÑO DOS CODESÁS.**

“Temos coñecemento de que está previsto o arranxo dun tramo do camiño dos Codesás dende a Ronda María Emilia Casas Baamonde pola marxe dereita, tal como figura no plano que se achega mediante unha liña delgada de cor negra.

Nos últimos días, téñense dirixido a nós varios veciños demandando o arranxo do camiño na súa totalidade, tal como figura no plano en cor amarela.

Por este motivo lle rogamos que proceda ao arranxo do camiño dos Codesás na súa totalidade.”

##### **Resposta do Sr. Alcalde:**

Xa me reunín cos veciños. Neste ano non vai poder ser, será no ano que vén.

**2º.- PREGUNTA *IN VOCE* FORMULADA POLA PORTAVOZ DO PARTIDO POPULAR.**

Pregunta Dna. Julia Rodríguez Barreira se se pediron subvencións con cargo ao 1% cultural e para que proxectos; e se non se pediron, por que non.

**3º.- PREGUNTA *IN VOCE* FORMULADA POLA REPRESENTANTE DAS/DO NON ADSCRITAS/O.**

Pregunta Dna. Pilar López Martínez sobre as axudas para a creación de empresas, que remata o przo o 10 de novembro, cantas solicitudes hai xa rexistradas.

Di o Sr. Alcalde que non o sabe exactamente neste momento, pero pode ser facilitado o dato.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo a unha horas e cincuenta e catro minutos do seguinte día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.  
O Alcalde,

